As obras pretenden abrir un acceso a un aparcadoiro privado, para o que invadirá as zonas verdes públicas protexidas ata hoxe.

As obras non teñen licenza urbanística, permitíndose dita ocupación e obra privada en base a un “convenio urbanístico”, sen modificar a cualificación do chan como zona verde, tal como consta no Plan Xeral. A modificación do Plan ten que ser aprobada e autorizada pola Xunta de Galicia, que debe confirmar a xustificación do interese público da modificación da cualificación.

O concello de Santiago non cumpriu os requisitos de “exposición pública” do convenio asinado, polo que os veciños afectados non puideron alegar en contra da actuación prevista para defender os seus intereses.

Nos informes técnicos recóllese que a modificación “debe garantir o tráfico peonil en todo o perímetro das edificacións existentes, polo menos coas mesmas dimensións que ten actualmente”, algo que evidentemente non cumpre a actuación prevista.

Por todo o exposto, e pola importancia que ten Santiago de Compostela como capital galega e Patrimonio da Humanidade, o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu tratamento en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a:

1. Convocar, á maior brevidade posible, unha xuntanza dunha representación da Comisión Superior de Urbanismo coa Federación Veciñal conformada ao efecto.
2. Dirixirse ao goberno municipal de Compostela para que respecte a legalidade urbanística e o dereito da veciñanza a participar nos asuntos que lles incumben mediante presentación de alegacións ás modificacións que se pretenda dar aos usos do solo xa determinados no Plan Urbanístico en vigor.
3. Dirixirse ao goberno municipal de Compostela para que paralice as “obras particulares” que afectan ao aparcadoiro privado e aos edificios onde está localizado que, ademais, carece de licenza urbanística.
4. Dirixirse ao goberno municipal de Compostela para que declare nulo de pleno dereito o “Convenio Urbanístico” asinado.

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2014.

Asdo.: María Consuelo Martínez García

Juan M. Fajardo Recousó

Deputada e deputado do G.P. da AGE.

Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

María Consuelo Martínez García na data 25/03/2014 13:50:30

Juán Manuel Fajardo Recouso na data 25/03/2014 13:50:40

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 25/03/2014 13:50:47



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Tereixa Paz Franco** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, en relación coas listas de espera para intervención cirúrxica no caso de patoloxías graves nos hospitais do SERGAS, nomeadamente na área sanitaria de Ourense.

Esta iniciativa xorde da gran preocupación que provocou no Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego ao serlle comunicado por parte de varias persoas de diversas situacións en relación co tempo de espera ás que se están vendo sometidas na área de saúde de Ourense e que padecen patoloxías urolóxicas graves.

En concreto estamos ante casos de persoas ás que nalgúns casos vai para medio ano que contan cun diagnóstico firme de padecerem cancro de próstata e ás que se lles prescribiu unha intervención cirúrxica e que a día de hoxe aínda non contan con data para a realización de dita intervención.

Esta situación é así a pesar de que segundo o protocolo, asumido polo SERGAS, establecido pola Sociedade de Uroloxía en todos os casos estes pacientes deben ser incluídos na lista de espera coa cualificación de prioridade 2. O propio SERGAS ten establecido que as persoas que contan con esta cualificación deben ser atendidas e realizarse a súa intervención nun prazo máximo de 90 días.

Os últimos datos oficiais en relación cos tempos medios de espera, publicados o 31 de decembro de 2013, sinalan que o tempo medio de espera para cirurxía urolóxica no Complexo Hospitalario de Ourense, é de 52,3 días.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego hai varias consideracións que debemos facer en relación con esta situación. Ou ben estamos ante unha clara manipulación dos datos da lista de espera estrutural ou ante unha actuación fraudulenta que utilizando diversos medios se demora con premeditación a súa inclusión oficial na lista de espera para que dramática realidade dos pacientes non lle estrague un lucido titular ao Goberno Galego.

Porén o que resulta aínda máis preocupante a situación das persoas que padecen esta situación. Persoas que á angustia propia de teren que enfrontarse á súa enfermidade ven como vai pasando o tempo sen que reciban a atención e o tratamento que lles foi prescrito para o seu diagnóstico. Persoas que viven con preocupación como o paso do tempo pode comprometer o seu pronóstico.

Estamos ante un trato inhumano destas persoas mais tamén ante unha actuación temeraria ante as súas enfermidades e ante unha clara fraude en relación cos compromisos da administración en relación cos tempos de espera. De que valen leis de garantía de tempos máximos de espera si na práctica os recortes en medios persoas e materiais ás que este Goberno somete á sanidade pública impide na práctica o exercicio dese dereito mesmo en caso de enfermidades tan graves que mesmo indican a súa catalogación como de prioridade 2.

Son moitas as deficiencias que os sucesivos recortes teñen provocado na prestación sanitaria que as usuarias da área sanitaria de Ourense veñen padecendo, e por iso o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego considera que a situación á que se refire esta iniciativa parécenos absolutamente intolerábel.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a realizar as seguintes actuacións coa finalidade de garantir o cumprimento do tempo máximo de espera de 90 días para a intervención cirúrxica no caso de pacientes de cancro de próstata, prioridade 2, no CHUOU:

1.- Requerir con urxencia dos servizos afectados os datos sobre os medios que se deben dotar para poder facer fronte a estas intervencións nun prazo máximo de 30 días.

2.- Que con carácter urxente se habiliten os medios humanos e materiais imprescindíbeis para poder realizar todas as intervencións pendentes antes de 30 días, dentro da rede de centros públicos do SERGAS.

3.- Corrixir as deficiencias estruturais do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense que motivan esta situación para que se poidan, no futuro, cumprir cos tempos de espera máximo establecido.”

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2014

Asdo.: **Tereixa Paz Franco**

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Tareixa Paz Franco na data 25/03/2014 19:47:18

María Montserrat Prado Cores na data 25/03/2014 19:47:23

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 25/03/2014 19:47:33

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA), a iniciativa das súas deputadas **Consuelo Martínez García** e **Eva Solla Fernández**, a través do seu portavoz **Xosé Manuel Beiras Torrado**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

O Real Decreto 836/2012 de 25 de maio, publicado no BOE do 8 de xuño, polo que se establecen as características técnicas, o equipamento sanitario e dotación de persoal dos vehículos de Transporte Sanitario por Estrada, establece os criterios na habilitación do persoal que actualmente traballa na profesión, polo que se lles convalida por tempo de experiencia no servizo a obrigatoriedade da formación regrada esixida pola nova norma.

Sen embargo, o borrador do decreto galego polo que se regula o transporte sanitario, no seu artigo 6 “dotación de persoal” vulnera o dereito á convalidación establecida na lexislación estatal ao esixir que “as empresas, para presentarse aos novos concertos, deben cumprir a formación esixida a todos os seus traballadores”, advertindo que de non ser así “serán sancionadas pola lei de Seguridade Social”, así como no seu artigo 9 fai a mesma esixencia para o outorgamento da certificación técnico-sanitaria, advertindo que o seu incumprimento terá a consideración de infracción sanitaria (artigo 15).

Ademais, nos requisitos de formación (artigo 17), só se fala da habilitación de condutores e condutores con función de axudantes, co que os axudantes e padioleros quedarán fora da mencionada habilitación, a pesar de que ambas dúas categorías están recollidas no Convenio Colectivo Galego de Ambulancias, o que supón unha grave discriminación laboral.

Cabe recordar que para poder traballar no servizo de ambulancias, os traballadores debían estar en posesión do título outorgado pola Fundación 061, cun custe de 1.800 euros, polo que ademais se está a producir un grave dano económico ao persoal que realizou tal formación.

Por outra banda, o decreto galego contradí o real decreto estatal sen solución posible:

- Decreto estatal: non se pode despedir aos traballadores en función de non ter a nova formación requirida.
- Decreto galego: non se pode traballar sen estar en posesión da nova titulación requirida.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a retirar o borrador do Decreto .../2014, do de ..., polo que se regula o transporte sanitario.

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2014.

Asdo.: Consuelo Martínez García

Eva Solla Fernández

Deputadas do G.P. da AGE.

Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

María Consuelo Martínez García na data 26/03/2014 18:44:00

Eva Solla Fernández na data 26/03/2014 18:44:05

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 26/03/2014 18:44:13

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA), a iniciativa da súa deputada **Consuelo Martínez García** e a través do seu portavoz **Xosé Manuel Beiras Torrado**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Os temporais na costa de Lugo trouxeron á praia de San Román, en O Vicedo, entre rocas e area, dúas enormes áncoras de pedra e que máis de medio centenar de lastres de sílex que poderían rondar os 10 ou 11 séculos de antigüidade.

A praia de San Román está dominada polo promontorio de Os Moutillós, un misterioso sitio arqueolóxico aínda sen investigar que algúns expertos comparan cun tipo de fortificación normanda presente no norte de Europa, as chamadas *motte & bailey* (mota e patio).

Unha das áncoras, máis afiada na punta e dunha tipoloxía descoñecida entre as da Idade Media en Galiza, resultou pesar 127 quilos. A outra, máis pequena, semellante a algunhas descubertas na comunidade anteriormente, alcanza os 66 quilos. Os mariñeiros da zona, coinciden en que estes pesos só podían corresponderse con grandes embarcacións, non simples barcas de pescadores. Había moito comercio entre A Mariña e Inglaterra.

As áncoras están labradas en grandes bloques dunha pedra común na zona, gneis u "ollo de sapo", os lastres son de sílex, un material case inexistente na xeoloxía galega e moi abundante nas costas inglesa e normanda. Os utensilios de sílex, cando aparecen na costa, é que os trouxo un barco. Pero ata agora, en San Cibrao os lastres atopados podían pesar pouco máis de un quilo. En O Vicedo, en cambio, os hai de ata 200.

Varias veces ao ano descúbrese algo novo nesta paisaxe que garda segredos antigos e vagamente explorado. Mariña Patrimonio informou á Consellería de Cultura para que esta mobilice aos seus técnicos e catalogue o achado. Sen embargo, xa en 2011 alertou a Patrimonio da existencia dun estraño sitio arqueolóxico en San Román que podería tratarse dunha fortificación viquinga, o departamento da Xunta non o incluíu como xacemento no seu inventario e, polo tanto, Os Moutillós carece de protección.

O Goberno local de O Vicedo intenta despertar o interese da Consellería, que no seu momento considerou que a lomba circular na que algúns ven unha construción estratéxica

dos piratas nórdicos non era nin un castro nin un asentamento do tipo *motte & bailey*. No municipio piden que se investigue este lugar diferente para poder afirmar ou negar todas as interpretacións que se lle teñen dado.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a:

- 1.- Realizar un estudo arqueolóxico en Os Moutillós, catalogando os achados e procedendo á súa incorporación como xacemento arqueolóxico garantindo a súa protección.
- 2.- Iniciar os traballos arqueolóxicos necesarios para recuperar os restos arqueolóxicos da zona e proceder á súa musealización.

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2014.

Asdo.: Consuelo Martínez García

Deputada do G.P. da AGE.

Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

María Consuelo Martínez García na data 26/03/2014 18:49:09

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 26/03/2014 18:49:17

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, do seu deputado-portavoz **José Luis Méndez Romeu** dos seus deputados, **Juan Carlos González Santín** e **José Antonio Sánchez Bugallo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

O pasado día 26 de marzo, o presidente Núñez Feijóo, en resposta a unha pregunta do voceiro socialista, afirmou que Galicia lideraba a Unión Europea en políticas de innovación. É unha declaración rotunda, sen matices, que demanda algunha explicación complementaria para unha correcta interpretación do que esa nova representa na economía de Galicia. Tanto máis necesaria por canto os datos estatísticos non ratifican, ata hoxe, ese excelso obxectivo. Pode acontecer, como noutras ocasións, que o Sr. presidente confunda realidade e desexo, tamén que o formato do discurso derive nunha hipérbole. O que resulta difícil imaxinar é que o presidente teña faltado á verdade.

Os datos coñecidos indican que a Xunta de Galicia recorta en cada orzamento as partidas dedicadas a I+D, que a Axencia Galega de Innovación non tivo efecto apreciable no sistema de ciencia, que o número de traballadores en alta tecnoloxía decrece. No futuro, co novo marco financeiro europeo, existirán máis fondos comunitarios para I+D, pero no momento actual Galicia ocupa unha posición pouco relevante, en España e consecuentemente na Unión Europea.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte Proposición non de lei en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Incrementar anualmente o orzamento de I+D, con recursos propios, en tres décimas do PIB, ata acadar o 2%.

Grupo Parlamentario

2. A Axencia Galega de Innovación poderá contratar a investigadores que teñan desenvolvido o proceso posdoctoral de investigación, mediante o Programa “Parga Pondal” e semellantes e que contén con avaliación positiva nos termos que regulamentariamente se determinen. Tamén poderá contratar investigadores no exterior, baixo criterios de excelencia. Para a selección de investigadores constituiranse comisións de selección formadas por investigadores de prestixio recoñecido internacionalmente.

3. Os investigadores citados no punto anterior integraranse mediante convenios estables nos equipos de investigación existentes nas universidades e nos organismos públicos e privados. O custo dos devanditos convenios será asumido polos recursos da axencia."

4. Orientar á Fundación Galicia-Europa para que, ademais das súas funcións actuais, realice tarefas de captación e seguimento de fondos europeos para proxectos de investigación.

Pazo do Parlamento, 25 de marzo de 2014

Asinado dixitalmente por:

José Luís Méndez Romeu na data 26/03/2014 20:18:26

Juán Carlos González Santín na data 26/03/2014 20:18:41

José Antonio Sánchez Bugallo na data 26/03/2014 20:18:49

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, Francisco Caamaño Domínguez, Vicente Docasar Docasar e María Concepción López Burgo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en pleno.

A vixente Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia establece no seu artigo 25 que “Os propietarios, posuidores e demais titulares de dereitos reais sobre bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia están obrigados a conservalos, coidalos e protexelos debidamente para asegurar a súa integridade e evitar a súa perda, destrución ou deterioro”.

Entre eses bens de interese cultural, segundo figura na relación feita pública na páxina *Web* do departamento competente da Xunta de Galicia, atópase a igrexa do Mosteiro de San Paio declarada monumento histórico nacional no ano 1931 por ser unha significada expresión do románico.

O mosteiro de San Paio atópase no concello do Saviñao, provincia de Lugo, e é propiedade da Igrexa Católica, cuxa titularidade administra o bispado de Lugo. De feito, o orixinario mosteiro procede do século X. Con posterioridade engadiuse unha torre acaroadada (século XIII) e aló polos séculos XV e XVI ergueuse unha nova construción polo extremo norte. Crese que estes engadidos foron a residencia do bispo Odario de Lugo e Braga que a utilizou como refuxio nos tempos da invasión sarracena. A consideración desta ampliación como pazo episcopal pódese datar no ano 1379 no que o Rei Juan I confirmou a posesión de Diomondi baixo a titularidade do bispado de Lugo.

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O pazo episcopal de Diomondi sufriu a derruba da súa fachada o día 29 de decembro de 2010. A área derrubada foi protexida cunhas redes e malamente sinalizada, sen que desde aquela data nada se teña feito ata hoxe. Transcorridos dous anos, a asociación cultural “O sorriso de Daniel” levou a cabo un concerto para reclamar a rehabilitación da fronte do pazo que ameaza con virse completamente abaixo. Nese mesmo ano o Grupo Municipal Socialista presentou diversas iniciativas na mesma dirección e mesmo chegou a formular a posibilidade de que se construíse nese espazo un albergue de peregrinos por se atopar o pazo situado no chamado “Camiño Sur” cara a Compostela.

A pesar de todas estas iniciativas imos para catro anos e nada se ten feito. O bispado de Lugo di non ter cartos para acometer a rehabilitación e descoñécese se a Xunta de Galicia fixo algunha xestión para colaborar con fondos propios ou con emprego de fondos estatais ou mesmo privados para levar a cabo unhas obras de conservación que son imprescindibles para que ese monumento non desapareza polo desleixo do noso patrimonio cultural.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Socialista, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en pleno:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que ante a grave situación de deterioro na que se encontra o Pazo episcopal de Diomondi, no concello do Saviñao (Lugo), adopte con carácter urxente cantas medidas sexan necesarias para evitar a súa derruba definitiva, ordenando o propietario que cumpra axiña cos deberes legalmente establecidos e aprobando sen demora o proxecto de rehabilitación de tan significativo monumento do patrimonio cultural galego.

Pazo do Parlamento, 28 de outubro de 2011

Asinado dixitalmente por:



 [Grupo Parlamentario](#)

Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 27/03/2014 11:06:59

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 27/03/2014 11:07:08

María Concepción Burgo López na data 27/03/2014 11:07:20

José Luís Méndez Romeu na data 27/03/2014 11:07:35

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e a iniciativa dos seus deputados María Julia Rodríguez Barreira e Angel Camino Copa, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Exposición de Motivos

O Concello de Monforte de Lemos vén padecendo desde hai anos moitas deficiencias no sistema de saneamento e depuración que impiden na actualidade pechar un correcto tratamento do ciclo da auga.

Despois de afrontar, coa decisiva implicación das administracións do Estado e Autonómica, unha posta ao día das súas infraestruturas para o abastecemento cun conxunto de actuacións orzamentadas en máis de 7 millóns de euros, a mellora nas infraestruturas e na xestión da rede de saneamento e depuración continúa a ser unha materia pendente, unha cuestión que condiciona a calidade ambiental do río Cabe e do conxunto da poboación.

Un estudo previo realizado por Augas de Galicia en 2008 identificou as principais carencias do sistema de saneamento e depuración de Monforte. Entre outras cuestións, o estudo constata a importante achega de augas de chuva ou infiltradas á rede de saneamento, o que provoca que a carga contaminante que chega á estación depuradora de augas residuais (EDAR) sexa moito máis baixa que a de deseño. Por esta razón détectanse alivios contaminantes de importancia na rede de saneamento.

No mesmo estudo sinálanse problemas na propia EDAR, unha infraestrutura que segundo o parecer dos técnicos está próxima ao fin da súa vida útil e na que se constatan múltiples deficiencias como a ausencia dun sistema de desengraxado, o mal funcionamento da decantación secundaria, a falta de eliminación de nutrientes (nitróxeno e fósforo), o deterioro de equipos e a nula automatización da planta.

Por outra parte, a EDAR industrial que existe no polígono de Monforte tamén presenta problemas pola súa antigüidade e por insuficiencias no proceso para a carga que debe tratar.

Este estudo afondouse no ano 2013 cun novo documento traballado sobre o terreo que detalla a planificación dun conxunto de actuacións que se consideran necesarias para a mellora do sistema de saneamento e depuración, incidindo na redución das infiltracións e das melloras na estación depuradora.

Aínda que o saneamento e a depuración son servizos básicos que se encadran na conxunto das competencias que os concellos teñen atribuídas na lexislación, a Xunta de Galicia vén desenvolvendo unha liña de actuacións de apoio e colaboración coas entidades locais nesta materia, a través da cal poderían desenvolverse estas actuacións, que ao longo dos últimos anos o Concello non foi quen de afrontar cos seus propios medios.

Á vista desta situación,

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse á Confederación Hidrográfica do Miño Sil para impulsar , en colaboración co Concello e coa participación da Deputación de Lugo, unha completa planificación que garanta un tratamento axeitado das augas residuais de Monforte de Lemos, contribuíndo con ela á mellora ambiental do río Cabe e do conxunto da poboación.”

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2014

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela

T. 981 551 510

F. 981 551 422

gp-pp@parlamentodegalicia.es

www.ppdegalicia.com

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 27/03/2014 12:32:41

María Julia Rodríguez Barreira na data 27/03/2014 12:32:54

Angel Camino Copa na data 27/03/2014 12:33:05

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda, ao través de **Yolanda Díaz Pérez e Eva Solla Fernández**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate plenario**, relativa as áreas de xestión.

A Xunta de Galicia segue a gobernar conforme a fórmula enunciada por Brecht, a saber, en caso de diferenzas entre o goberno e o seu pobo, que dimita o pobo. Esta fórmula cúmprese coa publicación no DOG do luns, 24 de marzo, do decreto de xestión clínica, que convidan o rexeitamento dos sindicatos, que representan aos traballadores e traballadoras da sanidade pública, dos profesionais e mesmo da cidadanía en xeral. Que mudou no proceso de constitución das áreas de xestión clínica para que se aprobe malia o rexeitamento xeral que provoca.

Queremos lembrar as elocuentes consideracións evacuadas polo Consello Consultivo respecto do procedemento de elaboración das normas tanto no formal canto no material ou substantivo, o cal constitúese como garantía de legalidade, acerto e oportunidade das decisión que se adopten. Ben, o Consello sentenza: “O expediente remitido amosa a súa falta de adecuación ás esixencias de procedemento...” ao saltarse o trámite de audiencia aos colexios profesionais, outrosí da premura adoptada para recoller as alegacións. Circunstancia concomitante co dilatado período temporal transcorrido entre a consulta aos colexios profesionais e a fase na que se última o proxecto, ano e medio, no que hai modificacións legais relevantes para este tema.

Ausencia de consulta as entidades sociais que representan aos doentes.

Respecto dos contidos, a observación cuarta sinala “un certo grao de indefinición do sistema e de falla de claridade nalgunha das súas previsións...”. Logo vai desgranando varias consideracións críticas respecto da falla de regulamentación sobre o respecto os dereitos das persoas con doencias; sobre a falla de avaliación para autorizar as devanditas áreas; relativas á falla de especificidade dos comités directivos; e sobre a escuridade dos mecanismos de incentivación.

A conclusión é clara: “ Que o proxecto de decreto polo que se regulan as áreas de xestión clínica do Servizo Galego de Saúde resulta contrario ao ordenamento xurídico”.

Tamén no noso país as tentativas de privatización topan cos mecanismos da lei e co rexeitamento da cidadanía.

En conclusión, o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda achega a seguinte proposición non de lei para o seu debate plenario:

- O Parlamento Galego insta á Xunta, en atención ao seu carácter contrario ao ordenamento xurídico, a retirar o decreto de áreas de xestión clínica.

Compostela, 27 de marzo do 2014.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Eva Solla Fernández

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 27/03/2014 14:20:28

Yolanda Díaz Pérez na data 27/03/2014 14:20:32

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados **Pablo García García, Raúl Fernández Fernández, José Ramón Val Alonso, Manuel Vázquez Fernández, Carmen Acuña do Campo, María Quintas Alvarez, Abel Losada Alvarez, José Manuel Gallego Lomba, Patricia Vilán Lorenzo e Carmen Gallego Calvar** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

No informe da Comisión de Expertos para a Reforma do Sistema Tributario Español feito para o Ministerio de Facenda, entre outras recóllese a posibilidade de considerar establecer un “imposto a tipo moi reducido para o viño”.

Inclúe o viño no apartado de propostas sobre a imposición dos alcohois e estima a necesidade de proceder a un incremento progresivo dos impostos sobre o alcohol, de cara acercarse á media comunitaria.

Dito informe non respecta a categoría diferencial do viño dentro das bebidas alcohólicas, o estar considerado como alimento na lexislación española. A pesares de que xa soporta o tipo máximo de IVA do 21 %.

O nivel de consumo de viño en España está dentro dos máis baixos dos países do noso entorno, e un novo imposto sobre este produto encarecería o prezo de adquisición ó consumidor o que sen dúbida iría en detrimento da recuperación do consumo interno.

E no que respecta ás exportacións, unha diminución de estas só beneficiaría aos países directamente competidores.

O sector do viño é un dos principais xeradores de economía e emprego en moitas zoas rurais galegas, cunha viticultura baseada no modelo de existencia de viticultores, con denominacións de orixe pequenas, que se cabe serían aínda máis prexudicadas.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Ante isto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a trasladar ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e ao Ministerio de Facenda, a oposición á proposta de establecer un novo imposto para o viño na reforma do sistema tributario.

Pazo do Parlamento, 26 de marzo de 2014

Asdo.: Pablo García García
Raúl Fernández Fernández
José Ramón Val Alonso
Manuel Vázquez Fernández
Carmen Acuña do Campo
María Quintas Alvarez
Abel Losada Alvarez
José Manuel Gallego Lomba
Patricia Vilán Lorenzo
Carmen Gallego Calvar
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pablo García García na data 27/03/2014 14:18:09

Raúl Fernández Fernández na data 27/03/2014 14:18:16

José Ramón Val Alonso na data 27/03/2014 14:18:22

Manuel Vázquez Fernández na data 27/03/2014 14:18:27

María Carmen Acuña do Campo na data 27/03/2014 14:18:33



Grupo Parlamentario

María Remedios Quintas Álvarez na data 27/03/2014 14:18:40

Abel Fermín Losada Álvarez na data 27/03/2014 14:18:46

José Manuel Gallego Lomba na data 27/03/2014 14:18:53

Patricia Vilán Lorenzo na data 27/03/2014 14:19:01

María Carmen Gallego Calvar na data 27/03/2014 14:19:06

José Luís Méndez Romeu na data 27/03/2014 14:19:08

Partido dos
Socialistas
de Galicia

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Patricia Vilán Lorenzo, María Quintas Alvarez, José Ramón Val Alonso, Pablo García García, Carmen Gallego Calvar e Carmen Acuña do Campo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de motivos

Galicia é a primeira Comunidade Autónoma en produción de conservas de pescado e mariscos. CUCA era unha das 67 conserveiras de Galicia, traballando dende o ano 1935. Na súa fábrica de Vilaxoan (Vilagarcía) había un cadro de persoal fixo de 88 traballadores máis arredor de 150 eventuais. Dese cadro de persoal, a maioría eran mulleres de máis de 50 anos, cunha formación cultural baixa e sen carné de conducir.

CUCA foi adquirida no ano 2011 polo grupo vasco GARAVILLA, que xa tiña plantas de produción en O Grove. Como consecuencia, decidiu o traslado colectivo dende Vilaxoan a O Grove, fundamentado pola empresa en causas económicas, facendo ademais un ERE suspensivo por 6 meses para 69 traballadores.

O día 8 de febreiro de 2013, a Comisión 6ª. deste Parlamento aprobaba, por unanimidade, o texto seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Desenvolver cantas xestións sexan necesarias preto da propiedade, para garantir todos os postos de traballo da factoría conservas CUCA.
2. Garantir a continuidade da imaxe e da calidade da marca CUCA.
3. De ter recibido a empresa axudas por parte da Xunta de Galicia, dalgunha consellería ou organismo, que vinculen á empresa a permanecer na presente radicación se faga valer esta circunstancia para imposibilitar o traslado da factoría de Vilaxoan a O Grove, sempre que esta petición estea amparada polas normas que regulan a concesión das axudas”.

Hai agora un ano, a conselleira de Medio Rural e do Mar dicía que GARAVILLA solicitara o permiso de traslado do material, pero que aínda non fora concedido. E tamén que reclamara informes da Comisión Europea en Bruxelas para coñecer que administración debería permitir ese movemento empresarial, posto que a nave de Vilaxoan contiña maquinaria adquirida grazas a subvencións europeas para empresas pequenas e non para as grandes.

Grupo Parlamentario

Non obstante, en abril e en maio de 2014, a empresa (axudada polo subdelegado do Goberno en Pontevedra) desmantelaba a fábrica e levaba a maquinaria cara a fábrica de O Grove.

Por último, o 31 de maio deste ano, o Xulgado do Social nº 2 de Pontevedra ditaba sentenza dicindo o seguinte:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1º Que a situación económica negativa da empresa CUCA non existiu.

2º Que a pretensión real da empresa era, en realidade, reducir custos para obter maiores beneficios.

3º Que as decisións de traslado e de suspensión de contratos non están xustificadas.

Condenaba o xulgado á empresa a repoñer aos traballadores de CUCA nas súas condicións de traballo e aboar os salarios evitados coa suspensión.

Esta sentenza foi confirmada, en decembro de 2013, por sentenza da Sala do Social do TSX de Galicia.

Non obstante, as traballadoras seguen a ir a O Grove en autobús e as máquinas semella xa non están en Vilaxoan. O día 30 de abril haberá no xulgado unha vista sobre a execución.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que desenvolva as xestións pertinentes para obrigar á empresa GARAVILLA a cumprir a sentenza nº 289/2013, do Xulgado do Social nº 2 de Pontevedra, do 31 de maio, confirmada en decembro de 2013 pola Sala do Social do TSX de Galicia.

Pazo do Parlamento, 27 de marzo de 2014

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Quintas Alvarez
José Ramón Val Alonso
Pablo García García
Carmen Gallego Calvar
Carmen Acuña do Campo

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu



 **Grupo Parlamentario**
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 27/03/2014 16:54:50

María Remedios Quintas Álvarez na data 27/03/2014 16:54:58

José Ramón Val Alonso na data 27/03/2014 16:55:03

Pablo García García na data 27/03/2014 16:55:08

María Carmen Gallego Calvar na data 27/03/2014 16:55:13

María Carmen Acuña do Campo na data 27/03/2014 16:55:16

José Luís Méndez Romeu na data 27/03/2014 16:55:24

Partido dos
Socialistas
de Galicia



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos seus deputados **Daniel Rodas Chapela** e **Francisco Xesús Jorquera Caselas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, instando ao Goberno galego a dar conta das medidas adoptadas diante do Estado español e da UE en relación á necesidade de construción dun dique flotante en Ferrol.

A comarca de Ferrol sofre dende o ano 1984 un desmantelamento progresivo que se ceba de forma máis dura co sector naval, un sector estratéxico para o desenvolvemento de Galiza, pero fundamental para a desenvolvemento industrial de Ferrolterra, pois é un dos seus motores económicos e de emprego.

Esta situación cada vez empeora máis, e os verdadeiros problemas dos cidadáns, falla de carga de traballo, despedimentos e paro seguen sen resolverse abocando a comarca a unha situación de éxodo. Nestes últimos anos, a perda de actividade reflíctese en que, si no ano 2008 había uns 10.000 postos de traballo vinculados a este sector, hoxe na comarca hai, nada máis e nada menos, 19.600 parados.

Diante desta situación de emerxencia, o presidente de Galiza leva prometendo en precampaña electoral a necesidade de construír o dique flotante nos asteiros de Navantia, na ría de Ferrol, que sería a táboa de salvación contra a crise do sector.

O presidente Feijóo tamén prometera o coñecido como “contrato con Ferrol” que anunciaba en abril de 2009 a construción dun Centro de Reparacións Navais. A día de hoxe nin dique flotante, nin contrato con Ferrol, as palabras de Feijóo pasan unicamente por botarlle as culpas á dirección de Navantia. Ao seu xuízo esta situación derivase da “nula e nefasta política comercial de Navantia” e da “falta de iniciativa da



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Sociedade Española de Participacións Industriais (SEPI)”. Esquecéndose que este é un equipo directivo escollido e nomeado polo actual goberno de Madrid (PP), polo que poderíamos resumir os seus compromisos de promesas incumpridas.

A esta falta de compromiso súmase a ausencia de apoio a diversas iniciativas que se teñen desenvolvido en diferentes estamentos coa finalidade de comprometerlo na solución do problema. Así, o BNG levou ao Congreso dos deputados unha proposición non de lei reclamándolle ao Goberno español a inclusión dunha partida coa que construír o dique flotante. E no Parlamento galego realizáronse iniciativas semellantes instando ao presidente da Xunta a comprometer, como reto de país, a construción do dique flotante e asumir persoalmente as negociacións co Goberno do Estado para a construción deste dique flotante,

Compromisos que non se concretan, e actuacións que adormecen co paso do tempo. O BNG quere volver incidir en cal é a situación actual das xestións levadas a cabo polo Goberno galego, pero tamén polo Executivo español de cara a despegar calquera dúbida ou obxección que puidera vir de Bruxelas para impedir a construción do dique flotante de Ferrol, infraestrutura clave para iniciar a actividade de reparación de todo tipo de buques, incluíndo os de gran tonelaxe.

Esta é unha reclamación demandada dende as instancias sindicais, económicas, sociais e polo conxunto da sociedade de Ferrolterra, que reclama unha maior implicación do Goberno galego, pois ata a data a súa aptitude foi pouco activa, de escaso compromiso e de abandonando unha vez pasados os focos mediáticos.

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a formular a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a dar conta das medidas adoptadas diante do Estado español e da UE en relación a necesidade de construción dun dique flotante en Ferrol”.

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2014

Asdo.: **Daniel Rodas Chapela**

Deputado do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Rodas Chapela na data 27/03/2014 14:17:56

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 27/03/2014 14:18:03



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do seu deputado **Francisco Xesús Jorquera Caselas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á proposta de supresión dos Impostos autonómicos sobre os Depósitos Bancarios formulada pola denominada “comisión de expertos para a reforma do sistema tributario español”.

O venres, 5 de xullo de 2013 o Consello de Ministros aprobou un acordo polo que se constituíu unha comisión de expertos para a reforma do sistema tributario español. Según a propia nota informativa do Consello de Ministros: *“Esta comisión deberá orientar sus propuestas a lograr un sistema tributario más sencillo y neutral, garantizar la suficiencia de ingresos, potenciar la eficiencia de la economía y el desarrollo social.”*

No presente mes de marzo de 2014 a Comisión deu a coñecer as súas conclusións e o contidos das propostas caracterízanse pola súa falla de equidade (propóñense deducións e reducións das cargas impositivas para as rendas altas e un incremento dos impostos indirectos que castigan sobre todo as rendas medias e baixas) e polo seu profundo carácter centralizador.

Así, entre outras moitas propostas de marcado carácter centralizador, a Comisión propón a supresión do Imposto sobre Depósitos Bancarios creado por diversas comunidades autónomas ou, en todo caso, considerar indelegábel este imposto ás comunidades autónomas.

Compre lembrar que o Goberno Central xa intentou deixar sen efecto o establecemento deste imposto polas comunidades autónomas mediante a comisión



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dunha auténtica fraude de lei, ao introducir na Lei de Medidas Tributarias que acompañou os Orzamentos de 2013, un imposto estatal cun tipo do **0%**.

Porén, o Tribunal Constitucional levantou en 2013 a suspensión decretada sobre estes impostos en diferentes comunidades autónomas, recoñecendo ademais o dereito a que teñan a unha compensación por parte do Estado.

Así, o pasado 2013, o Goberno Central compensou a Andalucía, Extremadura e Canarias. En concreto, Andalucía foi compensada con 104 millóns de Euros, Extremadura prevía, a finais de 2013, recibir unha compensación de en torno aos 40 millóns de euros, mentres que Canarias reclamaba 35 millóns.

Neste sentido, compre lembrar tamén que no marco da tramitación parlamentar do Proxecto de Lei de Orzamentos de 2014, o Grupo Parlamentar do BNG propuxo o establecendo dun Imposto sobre os Depósitos Bancarios cun gravame do 0,03%. Tendo en conta que segundo o Banco de España o volume de depósitos bancarios existentes en Galiza ascendía en marzo de 2013 aos 55.000 millóns de euros, os ingresos anuais que reportaría á Facenda galega serían superiores aos **165 millóns de euros**.

Por todo o devandito formúlase a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión:**

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a:

1.- Manifestar perante o Goberno Central o seu rexeitamento ás propostas contidas nas conclusións da denominada “comisión de expertos para a reforma do sistema tributario español.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2.- *Manifestar perante o Goberno Central o seu rexeitamento á proposta de “suprimir o Imposto sobre Depósitos Bancarios creado por diversas comunidades autónomas ou, en todo caso, considerar indelegábel este imposto ás comunidades autónomas.*

3.- *Reconsiderar a súa posición e establecer no ámbito das súas competencias un Imposto sobre os Depósitos Bancarios.”*

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2014

Asdo.: **Francisco Xesús Jorquera Caselas**

Portavoz do Grupo Parlamentar do BNG

Asinado dixitalmente por:

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 20/03/2014 18:48:54



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do seu deputado **Francisco Xesús Jorquera Caselas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á proposta de supresión do Imposto do Patrimonio e dos Impostos Medioambientais das comunidades autónomas formulada pola denominada “comisión de expertos para a reforma do sistema tributario español”.

O venres 5 de xullo de 2013, o Consello de Ministros aprobou un acordo polo que se constituíu unha comisión de expertos para a reforma do sistema tributario español. Según a propia nota informativa do Consello de Ministros: *“Esta comisión deberá orientar sus propuestas a lograr un sistema tributario más sencillo y neutral, garantizar la suficiencia de ingresos, potenciar la eficiencia de la economía y el desarrollo social.”*

No presente mes de marzo de 2014 a Comisión deu a coñecer as súas conclusións, e os contidos das propostas caracterízanse pola súa falla de equidade (propóñense deducións e reducións das cargas impositivas para as rendas altas e un incremento dos impostos indirectos que castigan sobre todo as rendas medias e baixas) e polo seu profundo carácter centralizador.

Así, entre outras moitas propostas de marcado carácter centralizador, a Comisión propón a eliminación de impostos cedidos ás comunidades autónomas, como o Imposto sobre o Patrimonio e os impostos medioambientais establecidos polas Comunidades Autónomas.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En concreto, no informe da Comisión propónse a eliminación definitiva do Imposto do Patrimonio, *“segundo a tendencia que se aprecia noutros países desenvolvidos e dados os seus efectos negativos sobre o aforro, as súas reducidas recadacións e o feito de que as posibilidades de planificación fiscal internacional para os patrimonios realmente elevados desvirtúan totalmente a súa posíbel contribución á equidade do sistema tributario”* e nas páxinas 13 e 14 a Comisión propón *“a eliminación de numerosos impostos e canons supostamente ambientais establecidos polas Comunidades Autónomas que, a xuízo da Comisión, carecen desa xustificación, como os impostos sobre grandes superficies, canon eólico e imposto sobre auga embalsada”*.

A Lei de Orzamentos de 2014 estima unha recadación polo Imposto do Patrimonio de 47.154.000 Euros e de 88.981.141 Euros polos distintos impostos e canons ambientais (Imposto sobre a Contaminación Atmosférica, Imposto sobre os encoros, canon eólico e canon da auga). É dicir, en total a recadación prevista polos impostos que a denominada comisión de expertos propón suprimir ascende a 136.135.141 Euros.

Por todo o devandito fórmase a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:**

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a rexeitar perante o Goberno Central a proposta de suprimir o Imposto do Patrimonio e “os numerosos impostos e canons supostamente ambientais establecidos polas



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Comunidades Autónomas” formulada pola denominada “comisión de expertos para a reforma do sistema tributario español.”

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2014

Asdo.: **Francisco Xesús Jorquera Caselas**

Portavoz do Grupo Parlamentar do BNG

Asinado dixitalmente por:

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 20/03/2014 18:58:35



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa da súa deputada **Ana Belén Pontón Mondelo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

O impacto da visualización de imaxes de violencia causa nas persoas menores de idade profundas pegadas psicolóxicas. Ao impacto emocional temos que engadir a falta das ferramentas mentais e psicolóxicas axeitadas, propias da madurez, coas que procesar e comprender a crueza desta actividade, xa que estamos a falar de persoas que aínda están nun proceso de formación da súa psique e do seu comportamento.

Nas touradas as nenas e nenos non só serán testemuñas presenciais da violencia aplicada contra un animal, senón que tamén poden presenciar en non poucas ocasións a morte violenta de persoas, ou impactantes imaxes de cornadas. O que están a ver diferénciase en grande medida da violencia de contidos audiovisuais ou dos videoxogos, xa que no caso dos eventos tauromáquicos a escena contemplada é de violencia real, ademais de explícita.

Expertos e investigacións publicadas en revistas de prestixio científico como “Aggressive Behavior” alertan da cruenta permisividade de que as persoas menores de idade poidan acceder a prazas de touros a contemplar esta clase de eventos. Neste senso tamén se pronunciou de xeito recente o Comité dos Dereitos dos Nenos (ONU) que, por primeira vez, advertiu a un estado sobre a participación das persoas menores como espectadores e instou ao país a desenvolver as medidas axeitadas para impedir a entrada libre.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

A postura do organismo internacional lembra a necesidade de que os poderes públicos tomen medidas na prevención da violencia e na defensa do interese superior e dos Dereitos da Infancia.

En virtude do interese superior da Infancia, os dereitos das persoas menores de idade prevalecen sobre os dereitos dos demais e como principio universal, o seu interese superior rexe toda acción dos poderes públicos e da Sociedade, de maneira que tanto as autoridades públicas como os particulares deben proceder conforme a dito principio. Por iso, este principio converte aos poderes públicos en responsables subsidiarias da satisfacción dos dereitos do neno cando os pais incumpren estes deberes.

E por todo isto que formulamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a tomar as medidas lexislativas necesarias para restrinxir a entrada de persoas menores de 16 anos a festexos taurinos, dacordo ás preocupacións expostas polo Comité dos Dereitos dos Nenos.”

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2014

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Belén Pontón Mondelo na data 20/03/2014 19:15:13

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu portavoz e por iniciativa das deputadas e deputados, **M^a Carmen Pardo López, Paula Prado del Río, Agustín Baamonde Díaz, Hipólito Fariñas Sobrino, Aurelio Núñez Centeno, Berta Pérez Hernández, Julia Rodríguez Barreira, Cristina Romero Fernández e Moisés Blanco Paradelo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

Exposición de motivos

A Fundación Galicia Europa cumpre un importante papel (entre outros) de informar sobre a Unión Europea, así como formar e sensibilizar sobre Europa en Galicia.

A política rexional é un dos capítulos máis importantes do orzamento comunitario, pois representa aproximadamente un terzo do orzamento plurianual da UE. Esta política comunitaria ten por obxectivo reducir as diferenzas de desenvolvemento entre as rexións da UE, materializándose a través dos fondos estruturais. Isto, se nos quedamos apenas cos aspectos numéricos, cuantitativos. Pero a Unión Europea, ten influencia tamén na nosa vida diaria cualitativamente falando, non só pola normativa que dela emana, e que condiciona o día a día dos cidadáns e empresas, senón polas políticas que emprende, tanto de cariz económico como social.

Europa 2020 é a estratexia de crecemento da UE para a próxima década. Nun mundo en transformación, a UE quere ter unha economía intelixente, sostible e integradora.

Concretamente, a Unión estableceu para 2020 cinco ambiciosos obxectivos en materia de emprego, innovación, educación, integración social e clima/enerxía.

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 510
F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

A Comisión Europea desexa que as autoridades nacionais e rexionais de toda Europa preparen as estratexias de investigación e innovación para a especialización intelixente. Esta estratexia, xa asumida en Galicia desde o pasado ano 2013 (a RIS3 aprobouse no consello da Xunta do 7 de Novembro do pasado ano) ten que chegar a empresarios galegos, pero tamén a estudantes, que son os futuros traballadores, empresarios e adultos cidadáns europeos de Galicia.

De acordo con todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia, a que a través da Fundación Galicia Europa, e aproveitando as novas tecnoloxías da información, se afonde nas campañas de comunicación (información-formación) a estudantes e empresas, adecuadamente adaptadas a cada sector neste segundo caso”.

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2014

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 21/03/2014 11:25:39

María Carmen Pardo López na data 21/03/2014 11:25:49

Paula Prado del Río na data 21/03/2014 11:26:05

Agustín Baamonde Díaz na data 21/03/2014 11:26:15

Hipólito Fariñas Sobrino na data 21/03/2014 11:26:25

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 21/03/2014 11:26:36

Berta Pérez Hernández na data 21/03/2014 11:26:44

María Julia Rodríguez Barreira na data 21/03/2014 11:26:54

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela

T. 981 551 510

F. 981 551 422

gp-pp@parlamentodegalicia.es

www.ppdegalicia.com

Cristina Isabel Romero Fernández na data 21/03/2014 11:27:05

Moisés Blanco Paradelo na data 21/03/2014 11:27:13



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das súas deputadas **Ana Belén Pontón Mondelo** e **Tereixa Paz Franco**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, en relación coas actuacións urxentes que debe levar adiante o Goberno Galego para garantir que a colección Benigno Eiriz sexa exposta na Galiza.

A Asociación Amigos dos Museos de Galicia fixo estes días unha chamada de urxencia “aos poderes públicos a fin de que se responsabilicen e garantan a conservación e transmisión da gran colección de etnografía labrega formada por Benigno Eiriz”. Esta colección, integrada por máis de 8.000 pezas representativas do noso patrimonio etnográfico –moitas delas únicas-, saíu da Galiza cara o concello de Alija del Infantado (Léon) a principios do presente século, ante a falta de resposta das autoridades galegas a petición de albergar de xeito digno esta colección. Todo un síntoma de desleixo das autoridades públicas a aquela altura e descoñecemento da relevancia do conxunto de bens que foi aglutinando o finado Benigno Eiriz.

O destino foi unha casa alugada para museo, comprometéndose este concello a conservación do bens. Despois de varios anos sen cumprirse os acordos pactados, chégase a un desencontro, que sitúa a familia nunha situación complexa, pois requíreselle que proceda a retirar antes de final de mes os miles de obxectos depositados en Alija del Infantado, moitos deles de grande tamaño e peso como carros, rodas, arados, xugos, maquinaria histórica....



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Segundo sinala a propia Asociación Amigos dos Museos de Galicia tratase da mellor colección temática, ausente nos museos de titularidade pública, pese a súa inmensa significación cultural galega.

Desde o Grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, consideramos de interese público a recuperación desta importante mostra da cultura galega tradicional e formulamos a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a que con urxencia leve adiante as actuacións precisas para garantir que a colección Benigno Eiriz retorne á Galiza e sexa musealizada. Estas actuacións levaranse adiante a través do diálogo e acordo coa familia colección Benigno Eiriz e abarcará tanto o traslado á Galiza, baixa supervisión técnica, como o seu tratamento, catalogación e instalación nun espazo que reúna as condicións necesarias para a exhibición desta colección.”

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2014

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz s. do G.P. do BNG

Tereixa Paz Franco

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Belén Pontón Mondelo na data 21/03/2014 11:43:53

María Tareixa Paz Franco na data 21/03/2014 11:43:58

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Moisés Blanco Paradelo, Antonio Mouriño Villar, Enrique Novoa López, M^a Carmen Pardo López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Cristina Romero Fernández, Miguel A. Santalices Vieira, Jaime Castiñeira Broz, Santiago Freire Abeijón, Alejandro Gómez Alonso, Román Rodríguez González, J. Francisco Santos Regueiro e Daniel Varela Suanzes-Carpegna**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

Exposición de motivos

Para os efectos previstos no Regulamento do dominio público hidráulico, aprobado polo Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, someteuse a información pública o proxecto da modificación de características da concesión administrativa do aproveitamento hidroeléctrico de 2.200 l/s de auga no río Cerves, nos termos municipais de Melón e Ribadavia (Ourense), con destino a produción de enerxía eléctrica. Salto de Cerves. Expediente: H/32/01630, o cal foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense nº285 do 13-12-2013, e polo cal se solicita un aumento do caudal autorizado en 1.100 l/s.

O aproveitamento hidroeléctrico que se quere levar a cabo, non se atopa entre as actuacións do vixente Plan Hidrolóxico 2010-2015 da cunca Miño-Sil segundo os criterios que marca a Directiva marco da auga.

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 510
F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

A autorización para acometer unha actuación como a que se pretende neste proxecto e nun ámbito de tanta fraxilidade debe ser sopesado e analizado coas maiores garantías, máxime nun momento como o actual no que se están desenvolvendo normas nas que o obxectivo a perseguir é protexer e mellorar o estado de todas as masas de auga.

Este proxecto pode supoñer unha afección moi considerable para a paisaxe e o contorno natural que circunda a zona onde se pretende a nova autorización, na variación do caudal ecolóxico do río, podendo afectar definitivamente ás augas termais que no contorno de Chan do Baño, en Prexigueiro, se están aproveitando para uso social, terapéutico e empresarial.

Os veciños e veciñas da localidade de Prexigueiro, así como unha ampla representación da veciñanza do Concello de Ribadavia ou a propia Corporación Municipal teñen manifestado a súa oposición a esta nova concesión de aproveitamento hidroeléctrico que se pretende levar a cabo no río Cerves.

Tendo en conta todo isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión.

“ O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que:

1. Nos informes que poida emitir en relación coas consecuencias ambientais da autorización proposta para o aumento de caudal no aproveitamento do Río Cerves (Expediente: H/32/01630) que está a tramitar a Administración do Estado, a través da Confederación Hidrográfica Miño Sil, extreme o rigor nas súas análises e avalíe de forma especial o caudal ecolóxico resultante e as posibles afeccións que puideran

derivarse para as augas termais no contorno do Chan de Baños, en Prexigueiro, no concello de Ribadavia.

2. No caso de apreciar posibles afeccións, se dirixa ao Ministerio competente para informar desa circunstancia e da necesidade de proceder á súa consideración antes de que a Confederación resolva sobre a citada autorización.”

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2014

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 21/03/2014 12:41:04

Moisés Blanco Paradelo na data 21/03/2014 12:41:13

Antonio Mouriño Villar na data 21/03/2014 12:41:23

Enrique Nóvoa López na data 21/03/2014 12:41:31

María Carmen Pardo López na data 21/03/2014 12:41:47

Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 21/03/2014 12:41:56

Cristina Isabel Romero Fernández na data 21/03/2014 12:42:13

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 21/03/2014 12:42:20

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela

T. 981 551 510

F. 981 551 422

gp-pp@parlamentodegalicia.es

www.ppdegalicia.com

Jaime Castiñeira Broz na data 21/03/2014 12:42:31

José Santiago Freire Abeijón na data 21/03/2014 12:42:39

Alejandro Gómez Alonso na data 21/03/2014 12:42:52

Román Rodríguez González na data 21/03/2014 12:43:01

Jose Francisco Santos Regueiro na data 21/03/2014 12:43:14

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 21/03/2014 12:43:27



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da súa deputada **María do Carme Adán Villamarín** e do seu deputado **Francisco Xesús Jorquera Caselas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

Exposición de motivos

O sector do biodiésel galego sofre unha grave crise desde o ano 2010 motivada na súa maior parte polas importacións de biodiésel de países como Arxentina que grava a exportación de aceite de soia cunha taxa do 32%, mentres que o biodiésel producido ca mesma materia ten unha tarifa bruta do 20%. O mesmo fai Indonesia, gravando a exportación do aceite de palma cunha taxa do 25% e o biodiésel producido con ese aceite cun importe dun 10%. Ditas diferenzas, xunto coa circunstancia de que son países produtores da materia prima -aceites de soia e palma-, fai que as plantas ubicadas no noso país estean na súa grande maioría paradas ou cunha produción moi por debaixo da súa capacidade pola imposibilidade de competir cos prezos do mercado.

Nesta situación, a compra de Infinita Renovables (Grupo Isolux) por Masol Iberia Biofuels (Grupo Musim Mas) implica que a multinacional de Indonesia atope porta de entrada para o mercado europeo. Masol Iberia Biofuels (Grupo Musim Mas) subrogou ao persoal de Infinita Renovables Ferrol despedindo a 6 traballadores/as que compartiron unha dura travesía no ERTE que durou 3 anos.

No momento en que están resoltas eivas como a asignación de cotas, aranceis europeos ou biodiesel arxentino e indonesio Masol Iberia Biofuels (Grupo Musim Mas)



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

propón recortar a plantilla e que o biodiésel sexa outro sector a esmorecer na comarca de Ferrol.

Por todo isto e logo de escoitar a preocupación dos traballadores/as da empresa, fórmulase a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

“O Parlamento insta ao Goberno galego a realizar as xestións necesarias para:

1. Evitar o despedimento de traballadores/as de Infinita Renovables
2. Asegurar por parte de Masol Iberia Biofuels (Grupo Musim Mas) o futuro da planta de Ferrol e os postos de traballo.”

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2014

Asdo.: **María do Carme Adán Villamarín**

Deputada do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 24/03/2014 12:54:46

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 24/03/2014 12:54:57



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA)**, ao través dos seus deputados **Ramón Vázquez Díaz e Xabier Ron Fernández**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión**, relativa ás consecuencias da aplicación da LOMCE en materia de Formación Profesional Básica para Galicia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Lei Orgánica para a mellora da calidade do ensino mais coñecida como LOMCE, foi aprobada contra o sentir maioritario da comunidade educativa, contra o parecer das forzas sociais e políticas e de xeito absolutamente imposto polo Partido Popular a toda a cidadanía. Ademais de provocar un atraso de decenios na procura dun ensino público, laico, democrático e inclusivo, a LOMCE está a comezar a súa aplicación de xeito precipitado provocando importantes desaxustes organizativos no sistema educativo de todo o país.

O pasado 5 de marzo aprobábase o RD 127/2014 polo que se regulan aspectos específicos da Formación Profesional Básica, unha norma que recibiu importantes observacións do Consello Escolar do Estado referidas a aspectos tan importantes como a falla dunha valoración do impacto da FP Básica na redución do fracaso escolar ou sobre a falla dun estudo económico rigoroso.

O Consello do Estado cualificou de parcial e precipitado o desenvolvemento da Formación Profesional Básica e manifestou a conveniencia de atender aspectos da Formación Profesional de xeito máis conxunto para adaptar esta modalidade de ensino no novo marco normativo. Ademais, o Consello de Estado bota en falta tanto unha valoración referida a como vai afectar a nova norma no abandono escolar, como un estudo económico que valore o impacto que esta pode ter na realidade social, aspecto este último que non se debe confundir cos gastos de implantación.

A maioría das organizacións presentes no Consello Escolar do Estado, solicitaron a retirada do RD 127/2014 entendendo que a posta en marcha se configura como unha vía sen saída para o alumnado que as curse. Critícase ademais a redacción caótica e chea de incoherencias, lagoas lexislativas e contradicións desta norma como consecuencia, en boa medida, dunha tramitación acelerada polas presas no cumprimento do calendario de aplicación da LOMCE.

Un exemplo evidente do anteriormente manifestado, o constitúe o limbo académico en que deixa o Real Decreto ós alumnos que cursen FP Básica por primeira vez o vindeiro curso 2014-2015 e que non terían máis remedio que esperar como mínimo un ano ata poder facer a reválida e obter o graduado escolar, un título por outra banda, esencial para acceder a calquera posto de traballo. Por riba o novo Real decreto non establece os necesarios mecanismos de transitoriedade entre os anteriores Programas de Cualificación Profesional Inicial e a nova formación Profesional Básica o que engade máis obstáculos se cabe ao alumnado que cursa estes estudos.

Diante deste caos organizativo e da fonda preocupación e incerteza provocada na Comunidade Educativa, o Ministerio de Educación ten anunciada unha “norma transitoria” para paliar os erros do Real Decreto que establece a Formación Profesional Básica, pero resulta evidente que os centros carecen dos mecanismo necesarios para desenvolver a F.P. básica para o vindeiro curso.

Diante da gravidade destes feitos, o Grupo Parlamentar de AGE presenta a seguinte Proposición non de Lei para a seu debate na comisión:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a solicitar do Goberno do Estado á paralización do desenvolvemento normativo da LOMCE no referido á Formación Profesional Básica e a retirada do RD 127/2014, diante das consecuencias que estas normas terán na organización destas ensinanzas no Sistema Educativo Galego.

Compostela, 24 de febreiro do 2014.

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asinado dixitalmente por:

Ramón Vázquez Díaz na data 24/03/2014 13:29:18

José Javier Ron Fernández na data 24/03/2014 13:29:22

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda, ao través de Yolanda Díaz Pérez, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na comisión**, relativa ao incumprimento da lexislación no servizo de guardacostas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Servizo de Gardacostas de Galicia é una policía administrativa en materia de mar, pesca e en temas de salvamento e loita contra a contaminación mariña, e a súa organización e funcionamento se adecuará ó principio de xerarquía, coma indica o artigo 3º do decreto 157/2005, do 26 de maio, sobre ordenación e funcionamento do Servizo de Gardacostas de Galicia; decreto que nos seus artigos 6º, 7º e 8º indica as funcións das escalas de funcionarios axentes do Servizo de Gardacostas que crea o artigo 1º.3 da Lei 2/2004, do 21 de abril, pola que se crea o Servizo de Gardacostas de Galicia, modificado por la Lei 10/2010, do 11 de novembro.

No artigo 6º que fala das funcións da escala técnica gr. A1 di:

1. Corresponderalle á escala técnica do Servizo de Gardacostas de Galicia o desempeño das función de dirección, planificación e execución das actuacións do Servizo de Gardacostas.

2. En concreto, son funcións do persoal da escala técnica (entre outras):

d) Dirixir a execución das actuacións das escalas executiva e de axentes, impartindo as instrucións que procedan para a súa efectiva realización.

e) Transmitirlles ás escalas executiva e de axentes as ordes de execución de actos administrativos cando así se estableza por disposición ou resolución expresa do órgano competente.

No artigo 7º que fala das funcións da escala executiva gr. A2 di:

1. Corresponderalle á escala executiva o desempeño das funcións de coordinación, participación e execución das actuacións do Servizo de Gardacostas.

b) Dirixir á escala de axentes na realización das súas funcións.

No artigo 8º que fala das funcións da escala de axentes gr. C1.

1. Corresponderá á escala de axentes o desempeño das funcións de execución, colaboración e apoio ás escalas técnica e executiva.

O actual funcionamento do Servizo de Gardacostas incumpre ese marco legal, elaborado polo propio PP. Así as xefaturas do servizo de protección de recursos, a xefatura da sección de control, a xefatura da sección de seguridade marítima, outrosí das xefaturas de unidades operativas atópanse cubertos por libre designación ou en comisión de servizos, isto é, a dedo e máis vulnerando a propia normativa legal e mesmo cunha sentenza firme do TSXG.

Para máis inri, as persoas que agora ocupan en comisión de servizo ditas xefaturas de sección antes ocupaban a outra, é dicir, que botaron mais de dous anos en comisión de servizo, cesáronnos por lei, e para volvelos a ter intercambiaron os postos, pero seguen facendo os mesmos cometidos e asinando documentos públicos cos anteriores postos.

Nun servizo público como o de Gardacostas, onde os funcionarios son axentes da autoridade, nun servizo cuxa estrutura e funcionamento son de tipo xerárquico resulta intolerable ese binomio de amiguismo e ilegalidade. Cómpre lembrar que resta sen substanciar aínda en sede parlamentar unha iniciativa deste grupo parlamentar sobre a situación do propio subdirector xeral, o cal non é nin membro das escalas do servizo de Gardacostas.

Este grupo parlamentar cre que os postos vacantes deben se cubrir de acordo coa lexislación vixente e seguindo os principios de mérito, igualdade e capacidade dos funcionarios e o de xerarquía, non utilizando a norma de maneira perversa para encubrir razóns de amizade, política ou de intereses espurios. Cómpre cumprir a legalidade por parte da Xunta e non tentar atallos espurios como o de elaborar un decreto de funcións novo, en cuxo texto semella que o seu único obxectivo é tratar de “legalizar” estas situacións irregulares e o “status” ilegal do subdirector xeral; situacións presuntamente delituosas que levan producíndose dende agosto do ano 2009, nunha estraña coincidencia coa arribada a san Caetano da armada do PP.

Circunstancia non menor nesa cadea de amiguismos e ilegalidades na consellaría é a negativa da conselleira, quizabes do goberno galego, a cumprir as tres sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que anulan a RPT onde as xefaturas de unidade operativa pasaban a seren de libre designación.

A cidadanía galega non poden aturar máis o ronsel de ilegalidades e degradación no que a conselleira converteu a consellería de Medio Rural e Mar, facendo dela un cortello particular para enchufar a amizades e favorecidos políticos, baseado na mentira e no nepotismo, infrinxindo a lei e os regulamentos de xeito flagrante, co único obxecto de seguir ascendendo dentro dos Gobernos do PP.

En atención ao sinalado, o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate na comisión:

- O Parlamento Galego insta á Xunta de Galicia a cumprir a lexislación que afecta ao servizo de gardacostas e que hoxe en día vulnérase de xeito continuo.
- O Parlamento Galego insta á Xunta a depurar responsabilidades políticas e administrativas polas irregularidades cometidas na ordenación do servizo de gardacostas.
- O Parlamento Galego insta ao goberno galego a trasladar ao ámbito xudicial estes casos de presuntos delitos de usurpación de funcións e prevaricación.
- O Parlamento Galego insta ao goberno galego a cumprir as sentenzas xudiciais do TSXG que afectan á RPT da consellaría.

Compostela, 24 de marzo do 2014.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 24/03/2014 13:48:27

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, Beatriz Sestayo Doce, Carmen Gallego Calvar, María Carmen Acuña do Campo e María Quintas Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª.

A cidade de Ferrol ten experimentado un empobrecemento dramático nos últimos anos. A cifra da EPA amosa que a cidade naval perdeu 5.900 postos de traballo no ano 2013, tendo o triste *record* de paro de Galicia, a pesares das enormes masas emigratorias.

Diferentes asociacións e ONG amosan a imposibilidade dos bancos de alimentos para soste unha poboación que se atopa con perfil de pobreza extrema que non se dan atendido. Entre tanto, o Concello e a Xunta de Galicia seguen a desmantelar inexplicablemente os servizos públicos sociais.

Dende a chegada dos gobernos do PP á cidade téñense desmantelado: a oficina de Inclusión Social, a Oficina Municipal de Dependencia, a Oficina de Inmigración, o equipo de Familia e Menores, un dos centros de protección de menores da Xunta, o equipo de Solidariedade e Voluntariado, etc. A desesperación das familias en desamparo vai en aumento protagonizando escenas propias de tempos xa ben distanciados.

Mais os dramas dunha poboación empobrecida son alleos aos gobernos do PP, preocupados pola foto «estética», o titular fronte á ética, que pola solidariedade e o cumprimento do deber de promover as condicións para que as persoas sexan libres e iguais.

En virtude do exposto o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión.

O Parlamento galego insta o Goberno da Xunta a rectificar a súa política de desmantelamento dos servizos sociais de Ferrol levada a cabo en complicidade co Goberno municipal da cidade, e restaurar os servizos sociais públicos e o

Grupo Parlamentario

persoal que estaba empregado en tarefas sociais no concello de Ferrol (en cofinanciamento cá Xunta) durante a época do bipartito tanto na Xunta coma no Concello de Ferrol.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 21 de marzo de 2014

Asinado dixitalmente por:

Beatriz Sestayo Doce na data 24/03/2014 16:33:43

María Carmen Gallego Calvar na data 24/03/2014 16:34:00

María Carmen Acuña do Campo na data 24/03/2014 16:34:05

María Remedios Quintas Álvarez na data 24/03/2014 16:34:19

José Luís Méndez Romeu na data 24/03/2014 16:34:39



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a instancia das deputadas **María do Carme Adán Villamarín** e **Francisco Xesús Jorquera Caselas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

Exposición de motivos:

Cada vez é maior dificultade de moitas persoas e familias para atender aos gastos de subministro enerxético, eléctrico e de gas, especialmente durante os meses de inverno nos que, polas condicións climatolóxicas, o seu consumo é imprescindible. Este feito denotativo da chamada pobreza enerxética demanda accións políticas decididas para combater esta lamentábel situación. Asemade implica que sexa necesario establecer os parámetros que definan o concepto de persoa consumidora vulnerábel segundo xa indica a propia Directiva 2009/72/CE de 13 de xullo de 2009.

Por este motivo, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

“O Parlamento Galego insta á Xunta de Galiza a modificar a Lei 2/2012 de 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias co



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

obxectivo de definir a figura de persoa consumidora vulnerábel para adoptar as medidas axeitadas que garantan o subministro eléctrico.”

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2014

Asdo.: **María do Carme Adán Villamarín**

Deputada do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 24/03/2014 17:24:05

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 24/03/2014 17:24:11

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, **Abel Losada Alvarez**, **Beatriz Sestayo Doce** e **José Manuel Gallego Lomba**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

A estratexia económica do Partido Popular en relación co sector enerxético, alí onde goberna, está claramente dirixida a potenciar as enerxías tradicionais fronte as enerxías renovables. As consecuencias desta opción política e económica chegan a moitos sectores e empresas.

Un dos sectores é o dos biocombustibles, aos que non se lles está a dar ningún tipo de saída económico - laboral dende os responsables políticos. Mesmo nalgún caso en que algunha destas administracións está implicada directamente a través de achegas financeiras públicas.

Esta é a situación da empresa Infinita Renovables (Ferrol), que ten recibido 5 millóns de euros do Igape. Esta empresa, que é propiedade do grupo empresarial Isolux, acadou un acordo comercial co grupo indonesio Musim Mas.

Este mesmo mes de marzo, nunha reunión coa Dirección de Infinita Renovables Ferrol, se lles comunicou aos traballadores a subrogación do persoal de Infinita Renovables a Masol Iberia Biofuels (Grupo Musim Mas) e o mesmo tempo o despedimento de seis traballadores/as.

E necesario lembrar que foron os traballadores/as de Infinita Renovables os que durante os distintos ERTE, os que pelexaron para que o Ministerio de Industria publicase as asignación de cotas, sendo unha referencia non só a nivel de Galicia se non do estado español.

Unha vez resoltas todas as eivas que non permitían producir a esta empresa (asignación de cotas, aranceis europeos o biodiésel arxentino e indonesio),

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

a día de hoxe se propoñen recortar o cadro de persoal nun momento onde se terñia que falar de contratar persoal e que o biodiésel fose un sector de vital importancia a comarca de Ferrol, que como todos sabemos ten un índice de paro insoportable. Esta redución de emprego leva a pensar que tamén están en perigo o resto de postos de traballo da empresa, 31 traballadores.

O futuro da planta de Ferrol non está nada claro e convén recordar que obtivo case 10 millóns de euros, do Igape e do Ministerio de Industria, para a súa construción e o mesmo tempo a creación de emprego. Administracións que deberían ser parte activa na defensa dos intereses dos traballadores e do conxunto da sociedade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar as xestións necesarias para paralizar e evitar o despedimento de ningún traballador de Infinita Renovables, sendo subrogados todos eles a Masol Iberia Biofuels.
2. Manter unha xuntanza coas direccións, tanto de Masol Iberia Biofuels (Grupo Musim Mas) como Infinita Renovables (Grupo Isolux), e cos representantes dos traballadores, para acadar unha solución que permita o mantemento dos postos de traballo.
3. Traballar cos novos propietarios, Masol Iberia Biofuels, para asegurar o futuro da planta de Ferrol e os postos de traballo.

Pazo do Parlamento, 24 de marzo de 2014

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Beatriz Sestayo Doce
José Manuel Gallego Lomba
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 25/03/2014 11:26:27

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Beatriz Sestayo Doce na data 25/03/2014 11:26:33

José Manuel Gallego Lomba na data 25/03/2014 11:26:39

José Luís Méndez Romeu na data 25/03/2014 11:26:45

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputadas **Agustín Baamonde Díaz, Moisés Blanco Paradelo, Javier Dorado Soto, M^a Dolores Faraldo Botana, Hipólito Fariñas Sobrino, Antonio Mouriño Villar, Marisol Piñeiro Martínez e Román Rodríguez González**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

Exposición de motivos

A actual Xunta de Galicia debe prestarlle unha especial atención ao desenvolvemento de políticas eficaces de proxección exterior da nosa cultura propia, establecendo unha estratexia transversal que permita avanzar na difusión e, xa que logo, no recoñecemento internacional da cultura galega entendida en toda a súa amplitude e na súa diversidade de manifestacións, sen exclusións de ningún tipo.

Un labor que se amosa especialmente relevante na actual conxuntura económica global, na que a nosa cultura e as nosas industrias culturais precisan contar con novas canles e con ferramentas axeitadas que lles permitan facer máis visibles alén das nosas fronteiras os seus produtos culturais, o seu talento e a súa creatividade, de xeito que, sobre a base dunha produción cultural propia e autónoma, poidan interactuar con outras realidades e se poidan xerar sinerxías que lles resulten positivas.

Neste marco, entendemos que resulta fundamental e de especial interese para os nosos sectores creativos o impulso ao establecemento de relacións culturais con América Latina, territorio co que nos unen fortes vencellos históricos, lingüísticos e culturais que deben ser postos de relevo e reforzados nos seus cimentos básicos, de forma que non só se poñan en valor as especiais sinerxías existentes historicamente entre ambos territorios, senón que se establezan novas vías de interconexión entre as ricas manifestacións culturais contemporáneas que hoxe emerxen a ambas beiras do Atlántico, máis flexibles e adaptadas ás novas realidades e linguaxes creativas.

Ao abeiro do anterior, preséntase a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar impulsando as relacións culturais e a proxección da cultura galega no exterior, cunha especial atención a América Latina, poñendo de relevo os vencellos existentes entre ambos territorios a través do impulso á creatividade e á cooperación e, nomeadamente, incidindo no intercambio de contidos culturais e formativos nos eidos do libro e a industria editorial, a música, o audiovisual e as artes escénicas, así como no impulso á presenza e visibilidade da cultura galega e en galego nas principais feiras, eventos e foros profesionais do sector”.

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2014

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 25/03/2014 13:01:29

Agustín Baamonde Díaz na data 25/03/2014 13:01:41

Moisés Blanco Paradelo na data 25/03/2014 13:01:52

Javier Dorado Soto na data 25/03/2014 13:02:02

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela

T. 981 551 510

F. 981 551 422

gp-pp@parlamentodegalicia.es

www.ppdegalicia.com

María Dolores Faraldo Botana na data 25/03/2014 13:02:10

Hipólito Fariñas Sobrino na data 25/03/2014 13:02:18

Antonio Mouriño Villar na data 25/03/2014 13:02:33

María Soledad Piñeiro Martínez na data 25/03/2014 13:02:42

Román Rodríguez González na data 25/03/2014 13:02:54

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados, **Carmen Pardo López, Paula Prado del Río, Agustín Baamonde Díaz, Hipólito Fariñas Sobrino, Aurelio Núñez Centeno, Berta Pérez Hernández, Julia Rodríguez Barreira, Cristina Romero Fernández e Moisés Blanco Paradelo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

Tras duras negociacións durante máis de dous anos, o marco financeiro plurianual comunitario adoptouse finalmente en outono de 2013.

Trátase dun orzamento inferior ao do período 2007-2013 pero que contempla unha intensidade de axuda do 60% dos fondos actuais para aquelas rexións que, como Galicia, abandonen por primeira vez o obxectivo de converxencia con independencia do seu PIB alcanzado o que permitirá a nosa Comunidade Autónoma seguir recibindo unha cantidade importante de axudas nos vindeiros sete anos.

Dado o retraso que sufriu a aprobación do Marco Financeiro Plurianual e, en consecuencia, os regulamentos da Política Rexional, a Comisión comezou a traballar cos Estados membros no novo período de financiamento 14-20 de forma paralela ás negociacións dos regulamentos.

Patricia Vilán Lorenzo
Carmen Gallego Calvar
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pablo García García na data 27/03/2014 14:19:21

Raúl Fernández Fernández na data 27/03/2014 14:19:27

José Ramón Val Alonso na data 27/03/2014 14:19:32

Manuel Vázquez Fernández na data 27/03/2014 14:19:38

María Carmen Acuña do Campo na data 27/03/2014 14:19:42



Grupo Parlamentario

María Remedios Quintas Álvarez na data 27/03/2014 14:19:48

Abel Fermín Losada Álvarez na data 27/03/2014 14:19:54

José Manuel Gallego Lomba na data 27/03/2014 14:19:59

Patricia Vilán Lorenzo na data 27/03/2014 14:20:05

María Carmen Gallego Calvar na data 27/03/2014 14:20:11

José Luís Méndez Romeu na data 27/03/2014 14:20:13

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Patricia Vilán Lorenzo, María Quintas Alvarez, José Ramón Val Alonso, Pablo García García, Carmen Gallego Calvar e Carmen Acuña do Campo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de motivos

Galicia é a primeira Comunidade Autónoma en produción de conservas de pescado e mariscos. CUCA era unha das 67 conserveiras de Galicia, traballando dende o ano 1935. Na súa fábrica de Vilaxoan (Vilagarcía) había un cadro de persoal fixo de 88 traballadores máis arredor de 150 eventuais. Dese cadro de persoal, a maioría eran mulleres de máis de 50 anos, cunha formación cultural baixa e sen carné de conducir.

CUCA foi adquirida no ano 2011 polo grupo vasco GARAVILLA, que xa tiña plantas de produción en O Grove. Como consecuencia, decidiu o traslado colectivo dende Vilaxoan a O Grove, fundamentado pola empresa en causas económicas, facendo ademais un ERE suspensivo por 6 meses para 69 traballadores.

O día 8 de febreiro de 2013, a Comisión 6.^a deste Parlamento aprobaba, por unanimidade, o texto seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Desenvolver cantas xestións sexan necesarias preto da propiedade, para garantir todos os postos de traballo da factoría conservas CUCA.
2. Garantir a continuidade da imaxe e da calidade da marca CUCA.
3. De ter recibido a empresa axudas por parte da Xunta de Galicia, dalgunha consellería ou organismo, que vinculen á empresa a permanecer na presente radicación se faga valer esta circunstancia para imposibilitar o traslado da factoría de Vilaxoan a O Grove, sempre que esta petición estea amparada polas normas que regulan a concesión das axudas”.

Hai agora un ano, a conselleira de Medio Rural e do Mar dicía que GARAVILLA solicitara o permiso de traslado do material, pero que aínda non fora concedido. E tamén que reclamara informes da Comisión Europea en Bruxelas para coñecer que administración debería permitir ese movemento empresarial, posto que a nave de Vilaxoan contiña maquinaria adquirida grazas a subvencións europeas para empresas pequenas e non para as grandes.



Grupo Parlamentario

Non obstante, en abril e en maio de 2014, a empresa (axudada polo subdelegado do Goberno en Pontevedra) desmantelaba a fábrica e levaba a maquinaria cara a fábrica de O Grove.

Por último, o 31 de maio deste ano, o Xulgado do Social nº 2 de Pontevedra ditaba sentenza dicindo o seguinte:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1º Que a situación económica negativa da empresa CUCA non existiu.

2º Que a pretensión real da empresa era, en realidade, reducir custos para obter maiores beneficios.

3º Que as decisións de traslado e de suspensión de contratos non están xustificadas.

Condenaba o xulgado á empresa a repoñer aos traballadores de CUCA nas súas condicións de traballo e aboar os salarios evitados coa suspensión.

Esta sentenza foi confirmada, en decembro de 2013, por sentenza da Sala do Social do TSX de Galicia.

Non obstante, as traballadoras seguen a ir a O Grove en autobús e as máquinas semella xa non están en Vilaxoan. O día 30 de abril haberá no xulgado unha vista sobre a execución.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que desenvolva as xestións pertinentes para obrigar á empresa GARAVILLA a cumprir a sentenza nº 289/2013, do Xulgado do Social nº 2 de Pontevedra, do 31 de maio, confirmada en decembro de 2013 pola Sala do Social do TSX de Galicia.

Pazo do Parlamento, 27 de marzo de 2014

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Quintas Alvarez
José Ramón Val Alonso
Pablo García García
Carmen Gallego Calvar
Carmen Acuña do Campo

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 27/03/2014 16:56:57

María Remedios Quintas Álvarez na data 27/03/2014 16:57:04

José Ramón Val Alonso na data 27/03/2014 16:57:12

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pablo García García na data 27/03/2014 16:57:17

María Carmen Gallego Calvar na data 27/03/2014 16:57:22

María Carmen Acuña do Campo na data 27/03/2014 16:57:25

José Luís Méndez Romeu na data 27/03/2014 16:57:32



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos seus deputados **Daniel Rodas Chapela** e **Francisco Xesús Jorquera Caselas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu tratamento na Comisión non lexislativa de Asuntos Europeos**, instando ao Goberno galego a dar conta das medidas adoptadas diante do Estado español e da UE en relación á necesidade de construción dun dique flotante en Ferrol.

A comarca de Ferrol sofre dende o ano 1984 un desmantelamento progresivo que se ceba de forma máis dura co sector naval, un sector estratéxico para o desenvolvemento de Galiza, pero fundamental para a desenvolvemento industrial de Ferrolterra, pois é un dos seus motores económicos e de emprego.

Esta situación cada vez empeora máis, e os verdadeiros problemas dos cidadáns, falla de carga de traballo, despedimentos e paro seguen sen resolverse abocando a comarca a unha situación de éxodo. Nestes últimos anos, a perda de actividade reflíctese en que, si no ano 2008 había uns 10.000 postos de traballo vinculados a este sector, hoxe na comarca hai, nada máis e nada menos, 19.600 parados.

Diante desta situación de emerxencia, o presidente de Galiza leva prometendo en precampaña electoral a necesidade de construír o dique flotante nos asteiros de Navantia, na ría de Ferrol, que sería a táboa de salvación contra a crise do sector.

O presidente Feijóo tamén prometera o coñecido como “contrato con Ferrol” que anunciaba en abril de 2009 a construción dun Centro de Reparacións Navais. A día de hoxe nin dique flotante, nin contrato con Ferrol, as palabras de Feijóo pasan unicamente por botarlle as culpas á dirección de Navantia. Ao seu xuízo esta situación derivase da “nula e nefasta política comercial de Navantia” e da “falta de iniciativa da



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Sociedade Española de Participacións Industriais (SEPI)". Esquecéndose que este é un equipo directivo escollido e nomeado polo actual goberno de Madrid (PP), polo que poderíamos resumir os seus compromisos de promesas incumpridas.

A esta falta de compromiso súmase a ausencia de apoio a diversas iniciativas que se teñen desenvolvido en diferentes estamentos coa finalidade de comprometerlo na solución do problema. Así, o BNG levou ao Congreso dos deputados unha proposición non de lei reclamándolle ao Goberno español a inclusión dunha partida coa que construír o dique flotante. E no Parlamento galego realizáronse iniciativas semellantes instando ao presidente da Xunta a comprometer, como reto de país, a construción do dique flotante e asumir persoalmente as negociacións co Goberno do Estado para a construción deste dique flotante,

Compromisos que non se concretan, e actuacións que adormecen co paso do tempo. O BNG quere volver incidir en cal é a situación actual das xestións levadas a cabo polo Goberno galego, pero tamén polo Executivo español de cara a despegar calquera dúbida ou obxección que puidera vir de Bruxelas para impedir a construción do dique flotante de Ferrol, infraestrutura clave para iniciar a actividade de reparación de todo tipo de buques, incluíndo os de gran tonelaxe.

Esta é unha reclamación demandada dende as instancias sindicais, económicas, sociais e polo conxunto da sociedade de Ferrolterra, que reclama unha maior implicación do Goberno galego, pois ata a data a súa aptitude foi pouco activa, de escaso compromiso e de abandonando unha vez pasados os focos mediáticos.

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a formular a seguinte Proposición non de lei para o seu tratamento na Comisión non lexislativa para Asuntos Europeos:



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a dar conta das medidas adoptadas diante do Estado español e da UE en relación a necesidade de construción dun dique flotante en Ferrol”.

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2014

Asdo.: **Daniel Rodas Chapela**

Deputado do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Rodas Chapela na data 27/03/2014 14:18:33



Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 27/03/2014 14:18:38



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia -ante o Pleno- do Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para informar **“do grao de execución dos plans de racionalización e reestruturación da administración instrumental dependente da Xunta de Galicia.”**

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordoñez Puime

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Carmen Acuña do Campo, Manuel Vázquez Fernández, Carmen Gallego Calvar e María Quintas Alvarez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O Plan de saúde mental de Galicia, establece unha serie de criterios, tanto no relativo a camas (unha por cada 100.000 menores de 12 anos), como a número mínimo de profesionais que deberan cumprir as Unidades de Hospitalización Psiquiátrica Infanto - Xuvenil (UHP –I X).

Fai máis de ano e medio no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, de referencia para toda Galicia, foi deseñada unha destas Unidades, para dar cobertura a ingresos de carácter breve ata os 16 anos, dispoñendo de sete camas e dunha dotación de seis enfermeiras, das que unicamente dúas son enfermeiras especialistas en saúde mental; pero carece, entre outros, dun traballador ou traballadora social de enlace

Tales dotacións están moi afastadas do recollido no Plan mencionado e ademais, está pendente de axustar ata definir a idade dos e das doentes que poden ser atendidas nesta unidade, se ata os 14 ou ata os 16 anos.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Considera que se están a dar cumprimento aos criterios establecidos no Plan de saúde mental de Galicia en relación as Unidades de Hospitalización Psiquiátrica Infanto – Xuvenil?
2. Está dotada esta Unidade do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de plan funcional? De ser así, en que consiste dito plan?
3. Cales son os criterios de ingreso nesta unidade, só programados? De ser así, onde se están derivando os e as menores para ser atendidos de urxencia?
4. Cantos ingresos se levan realizado nesa unidade dende a súa apertura? Que tipo de patoloxías son as máis frecuentes?

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

5. De onde procedían os e as doentes que foron ingresados neste tempo nesa unidade? E cal foi o tempo medio de estancia?
6. Como foi a distribución por idades e sexo?
7. Neste período, que número de ingresos foron solicitados e rexeitados? E cales foran as razóns para eses rexeitamentos? E a que centros se derivaron os casos rexeitados?
8. Que valoración fai o Goberno do funcionamento desta unidade, neste tempo? Contempla algún cambio ou mellora no servizo, cales?

Pazo do Parlamento, 24 de marzo de 2014

Asdo.: Carmen Acuña do Campo
Manuel Vázquez Fernández
Carmen Gallego Calvar
María Quintas Alvarez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Carmen Acuña do Campo na data 25/03/2014 11:51:53

Manuel Vázquez Fernández na data 25/03/2014 11:51:58

María Carmen Gallego Calvar na data 25/03/2014 11:52:06

María Remedios Quintas Álvarez na data 25/03/2014 11:52:08

Á MESA DO PARLAMENTO

Consuelo Martínez García e Eva Solla Fernández, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

No Hospital do Meixoeiro ven funcionando desde 2010 unha unidade de cancro de mama. Segundo pódese ler na páxina web da Consellería de Sanidade “os profesionais desta Unidade forman unha equipa multidisciplinar composta por especialistas en cirurxía, en xinecoloxía, radioloxía, técnicos especialistas en Radiodiagnóstico, ATS/DUEs, auxiliares de enfermería e persoal administrativo. Nos seus procedementos participan tamén outros especialistas do Complexo como anatomía patolóxica, oncoloxía, radioterapia, cirurxía plástica, medicina nuclear, rehabilitación, fisioterapia, e psicoloxía.”

Son recoñecidos os seus méritos tanto polo alto nivel dos profesionais que a compoñen como polas técnicas innovadoras que utiliza e pola implantación dos protocolos dunha vía rápida para que os/as pacientes poidan ser citados/as antes de 15 días desde a Atención Primaria.

As directrices contidas na Resolución do Parlamento Europeo de 5 de xuño de 2003 (1) e na do 26 de outubro de 2006 (2) tras a incorporación de novos Estados á Unión Europea insisten na constitución dunha rede global de centros certificados e multidisciplinares de mastoloxía que cumpran determinadas estándares de calidade, segundo os requisitos enunciados no ano 2000 pola Sociedade Europea de Mastoloxía (EUSOMA) (3). Entre eles salientase que as unidades multidisciplinares de cancro de mama deberían abordar anualmente un mínimo de 150 casos recién diagnosticados e dar cobertura a unha poboación entre 250.000 e 300.000 persoas, aínda que se sinala que algunhas unidades altamente especializadas poderían ser máis grandes.

A realidade é que a unidade de cancro de mama do Hospital do Meixoeiro ven atendendo actualmente a parte da Área Sanitaria de Vigo, é dicir, a de aqueles concellos e barrios vigueses que non teñen poboación asignada ao Hospital concertado POVISA. Estamos falando, por tanto, dunha unidade multidisciplinar á que lle corresponderían, segundo os datos do Sergas, 437.181 persoas. Por outra banda, as cartillas que teñen como hospital de referencia a POVISA deben andar preto das 140.000.

No punto 6 da devandita Resolución do Parlamento Europeo de 2006 textualmente pídese “aos Estados membros que aseguren de aquí a 2016 unha asistencia xeneralizada a través de unidades interdisciplinares de mastoloxía de conformidade coas directrices europeas, posto que un tratamento nas devanditas unidades contribúe a mellorar a taxa de supervivencia e aumenta a calidade de vida...”.

En relación ao exposto, as deputadas que subscreben, do Grupo Parlamentar da AGE formulan a seguinte Interpelación:

- 1.- Que plans ten a Consellería de Sanidade a curto prazo para garantir a atención a través de unidades multidisciplinares aos/ás pacientes de cancro de mama?
- 2.- En que situación se encontra a unidade de cancro de mama do Hospital do Meixoeiro en relación aos obxectivos esixidos anteriormente?
- 3.- Someteuse a unidade de cancro de mama do Hospital Meixoeiro a algún sistema de acreditación para o seu recoñecemento como de alta calidade segundo os requisitos sinalados como obrigatorios polo Parlamento Europeo?
- 4.- Ten pensado o goberno da Xunta esixir ao Hospital concertado POVISA que preste unha atención multidisciplinar aos seus pacientes de cancro de mama, nas mesmas condicións e cos mesmos protocolos que se empregan no Hospital Meixoeiro?

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2014.

Asdo.: Consuelo Martínez García

Eva Solla Fernández

Deputadas do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

María Consuelo Martínez García na data 25/03/2014 17:57:22

Eva Solla Fernández na data 25/03/2014 17:57:32



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Tereixa Paz Franco e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Interpelación**, en relación coas listas de espera para intervención cirúrxica no caso de patoloxías graves nos hospitais do SERGAS, nomeadamente na área sanitaria de Ourense.

Esta iniciativa xorde da gran preocupación que provocou no Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego ao serlle comunicado por parte de varias persoas de diversas situacións en relación co tempo de espera ás que se están vendo sometidas na área de saúde de Ourense e que padecen patoloxías urolóxicas graves.

En concreto estamos ante casos de persoas ás que nalgúns casos vai para medio ano que contan cun diagnóstico firme de padecerem cancro de próstata e ás que se lles prescribiu unha intervención cirúrxica e que a día de hoxe aínda non contan con data para a realización de dita intervención.

Esta situación é así a pesar de que segundo o protocolo, asumido polo SERGAS, establecido pola Sociedade de Uroloxía en todos os casos estes pacientes deben ser incluídos na lista de espera coa cualificación de prioridade 2. O propio SERGAS ten establecido que as persoas que contan con esta cualificación deben ser atendidas e realizarse a súa intervención nun prazo máximo de 90 días.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os últimos datos oficiais en relación cos tempos medios de espera, publicados o 31 de decembro de 2013, sinalan que o tempo medio de espera para cirurxía urolóxica no Complexo Hospitalario de Ourense, é de 52,3 días.

Para o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego hai varias consideracións que debemos facer en relación con esta situación. Ou ben estamos ante unha clara manipulación dos datos da lista de espera estrutural ou ante unha actuación fraudulenta que utilizando diversos medios se demora con premeditación a súa inclusión oficial na lista de espera para que dramática realidade dos pacientes non lle estrague un lucido titular ao Goberno Galego.

Porén o que resulta aínda máis preocupante a situación das persoas que padecen esta situación. Persoas que á angustia propia de teren que enfrontarse á súa enfermidade ven como vai pasando o tempo sen que reciban a atención e o tratamento que lles foi prescrito para o seu diagnóstico. Persoas que viven con preocupación como o paso do tempo pode comprometer o seu prognóstico.

Estamos ante un trato inhumano destas persoas mais tamén ante unha actuación temeraria ante as súas enfermidades e ante unha clara fraude en relación cos compromisos da administración en relación cos tempos de espera. De que valen leis de garantía de tempos máximos de espera si na práctica os recortes en medios persoas e materiais ás que este Goberno somete á sanidade pública impide na práctica o exercicio dese dereito mesmo en caso de enfermidades tan graves que mesmo indican a súa catalogación como de prioridade 2.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Son moitas as deficiencias que os sucesivos recortes teñen provocado na prestación sanitaria que as usuarias da área sanitaria de Ourense veñen padecendo, e por iso o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego considera que a situación á que se refire esta iniciativa parécenos absolutamente intolerábel.

Estas son as razóns polas que formulamos a seguinte Interpelación:

1.- É coñecedor o Goberno Galego da situación de demoras inxustificábeis de pacientes afectados de cancro de próstata na área sanitaria de Ourense?

2.- Pode concretar cantas persoas se atopan nesa situación, de levaren moito máis de 90 días desde o diagnóstico e a prescrición dunha intervención cirúrxica?

3.- Cal é a situación en relación con estas patoloxías no resto dos hospitais de Galiza?

4.- E en relación con outras patoloxías das que son catalogadas como de prioridade 1 e 2?

5.- Ten algunha avaliación en relación con cales son as causas polas que se está producindo esta inxustificábel demora na atención á cirurxía de cancro de próstata no Complexo hospitalario universitario de Ourense?

6.- De ser así, pode concretar esas razóns ou deficiencias de medios?



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

7.- Que medidas ten previsto adoptar para garantir os dereitos destas persoas a unha atención adecuada nos tempos adecuados?

8.- Ten previsto algunha actuación para mellorar as condicións asistenciais, en medios humanos e materiais, para que en Ourense se poidan atender dentro dos parámetros establecidos a estes pacientes?

9.- Porqué estas situacións non aparecen reflectidas nos datos oficiais?

10.- Pode comprometer a atención cirúrxica inmediata a todos os enfermos de cancro de próstata que estean agardando unha intervención no CHUOU?

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2014

Asdo.: Tereixa Paz Franco

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Tareixa Paz Franco na data 25/03/2014 20:14:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2014 09:30
Nº Rexistro: 21407
Data envío: 25/03/2014 20:15:24.403



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 25/03/2014 20:14:58

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Yolanda Díaz Pérez e Eva Solla Fernández, integrantes do **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda**, ao abeiro do recollido no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **interpelación**, relativa as áreas de xestión.

A Xunta de Galicia segue a gobernar conforme a fórmula enunciada por Brecht, a saber, en caso de diferenzas entre o goberno e o seu pobo, que dimita o pobo. Esta fórmula cúmprese coa publicación no DOG do luns, 24 de marzo, do decreto de xestión clínica, que convitan o rexeitamento dos sindicatos, que representan aos traballadores e traballadoras da sanidade pública, dos profesionais e mesmo da cidadanía en xeral. Que mudou no proceso de constitución das áreas de xestión clínica para que se aprobe malia o rexeitamento xeral que provoca.

Queremos lembrar as elocuentes consideracións evacuadas polo Consello Consultivo respecto do procedemento de elaboración das normas tanto no formal canto no material ou substantivo, o cal constitúese como garantía de legalidade, acerto e oportunidade das decisión que se adopten. Ben, o Consello sentenza: “O expediente remitido amosa a súa falta de adecuación ás esixencias de procedemento...” ao saltarse o trámite de audiencia aos colexios profesionais, outrosí da premura adoptada para recoller as alegacións. Circunstancia concomitante co dilatado período temporal transcorrido entre a consulta aos colexios profesionais e a fase na que se última o proxecto, ano e medio, no que hai modificacións legais relevantes para este tema.

Ausencia de consulta as entidades sociais que representan aos doentes.

Respeito dos contidos, a observación cuarta sinala “un certo grao de indefinición do sistema e de falla de claridade nalgunha das súas previsións...”. Logo vai desgranando varias consideracións críticas respecto da falla de regulamentación sobre o respecto os dereitos das persoas con doencias; sobre a falla de avaliación para autorizar as devanditas áreas; relativas á falla de especificidade dos comités directivos; e sobre a escuridade dos mecanismos de incentivación.

A conclusión é clara: “Que o proxecto de decreto polo que se regulan as áreas de xestión clínica do Servizo Galego de Saúde resulta contrario ao ordenamento xurídico”.

Tamén no noso país as tentativas de privatización topan cos mecanismos da lei e co rexeitamento da cidadanía.

En conclusión, o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda presenta a seguinte interpelación:

- Atendendo o rexeitamento xeral que provoca e ao seu carácter contrario ao ordenamento xurídico non vai retirar o goberno galego o decreto de áreas de xestión clínica?

Compostela, 27 de marzo do 2014.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Eva Solla Fernández

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 27/03/2014 14:21:06

Eva Solla Fernández na data 27/03/2014 14:21:09



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Rodas Chapela e Francisco Xesús Jorquera Caselas, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, instando ao Goberno galego a presentar diante do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas un recurso de anulación contra o Principio de Estabilidade Relativa imperante na UE e que discrimina a Galiza.

O Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas é o que interpreta o Dereito da UE para garantir que se aplique a normativa vixente do mesmo xeito en todos os países membros. Tamén resolve conflitos legais entre os gobernos e as institucións, así como tamén atende reclamacións de particulares, empresas e organizacións, si consideran que algunha institución da UE vulnerou os seus dereitos.

No reparto de cotas do ano 2014, evidénciase un ano máis, unha situación claramente discriminatoria para Galiza, xa que aínda que nalgunhas especies sobe a porcentaxe de capturas, esta vese condicionada polo reparto que establece o PER (Principio de Estabilidade Relativa) e así podemos comprobar como, a pesares dos incrementos de capturas, a proporción sempre é claramente beneficiosa para os outros países membro e maiores tamén as diferenzas.

E así podemos comprobar ano tras ano que se segue mantendo este Principio que outorga beneficios para uns países costeiros mentres se truncan as posibilidades de que a nosa frota teña dereito a unhas cotas que lle permitan un trato igualitario. Igual poderíamos por de exemplo as especies que podemos pescar, pois mentres a frota galega unicamente pode pescar en augas



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

comunitarias: pescada, rape, gallo, outros países nas mesmas augas poden pescar ata nove especies diferentes, existindo unha gran diferenza na aplicación de determinadas normativas, pois non é o mesmo que poidas pescar todas as especies dun banco que unicamente teñas acceso a tres especies.

A situación ven manténdose dende o ano 1986, malia que había certo compromiso de que no futuro esta situación se podería cambiar, a realidade é que lle favorece amplamente a moitos países socios, con intereses na pesca, polo que non mostran o máis mínimo interese en que esta situación se modifique. Constatando unha realidade evidente: a eles sóbralle cotas pesqueira, mentres que para o noso País son totalmente insuficientes e discriminatorias ao non existir proporcionalidade entre o número de barcos e a cota a que ten dereito cada zona pesqueira.

Sendo Galiza, unha das zonas onde maior dependencia temos da pesca, co maior número de embarcación e cuxa actividade pesqueira ten unha maior incidencia no PIB, encontrámonos con que o reparto ven marcado polos criterios de acceso e que os mesmos non se modifican para poder corrixir dita situación e poder compensar a discriminación histórica a que está sometido o noso País. Queremos un trato igualitario, no reparto de cotas, en función do número de tripulantes e empregos directos. Queremos poder pescar nas mesmas condicións que os países que realizan dita actividade ao noso costado. Nin máis nin menos. Igual trato que calquera outro barco ou flota europea.

Estas son as razóns que nos levan a formular a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Que medidas ten impulsado o Goberno galego diante do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas para reclamar a anulación do Principio de Estabilidade Relativa imperante na UE, que discrimina a Galiza?.

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2014

Asdo.: **Daniel Rodas Chapela**

Deputado do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Rodas Chapela na data 20/03/2014 18:28:49

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 20/03/2014 18:28:54

Á Mesa do Parlamento

José Luís Méndez Romeu, Carmen Gallego Calvar e Vicente Docasar Docasar, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Pleno**.

O Colexio “María Mariño”, da Coruña, comparte instalacións cun centro de atención a persoas con discapacidade. Compartir neste caso ten unha connotación negativa, pois o devandito Colexio, que conta con 46 alumnos/as de idades entre 6 e 21 anos, carece de espazos libres. Cómpre sinalar que 9 dos alumnos usan cadeiras de rodas, 14 teñen mobilidade reducida e 24 necesitan supervisión constante. O horario escolar, das 10 ás 17 horas, cúmprese na súa totalidade en dependencias interiores, por ausencia de zona de recreo ou parque que permita a saída.

O Colexio depende da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pero o recinto está baixo a tutela da Consellería de Traballo e Benestar, da que depende tamén o cumprimento do Decreto 245/2003, de mantemento de parques infantís.

As instalacións anteriormente existentes foron clausurados por non cumprir os requisitos de homologación e seguridade: solo irregular, arquetas abertas, columpios non homologados. Agora a consellería no seu centro mantén un recinto que non cumpre a súa propia normativa, non é quen de acondicionalo e condena ao alumnado a carecer de calquera tipo de instalación ó aire libre.

A situación descrita vén sendo denunciada sistematicamente diante das dúas consellerías competentes, sen que ata hoxe exista vontade de afrontar a solución dos problemas. Así os estudantes dese centro, que xa contan cunha situación inicial de hándicap sensorial ou evolutivo, sofren ademais a discriminación de instalacións, algo que non acontece en ningún centro de ensino da cidade coruñesa.

Polo exposto, os deputados e deputada asinantes formulan as seguintes preguntas:

 Grupo Parlamentario

Considera a Xunta razoable a situación descrita?

Pazo do Parlamento, 20 de marzo de 2014

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Luís Méndez Romeu na data 20/03/2014 19:41:32

María Carmen Gallego Calvar na data 20/03/2014 19:41:41

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 20/03/2014 19:41:44



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo e Tereixa Paz Franco, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, en relación coas actuacións urxentes que debe levar adiante o Goberno Galego para garantir que a colección Benigno Eiriz sexa exposta na Galiza.

A Asociación Amigos dos Museos de Galicia fixo estes días unha chamada de urxencia “aos poderes públicos a fin de que se responsabilicen e garantan a conservación e transmisión da gran colección de etnografía labrega formada por Benigno Eiriz”. Esta colección, integrada por máis de 8.000 pezas representativas do noso patrimonio etnográfico –moitas delas únicas-, saíu da Galiza cara o concello de Alija del Infantado (Léon) a principios do presente século, ante a falta de resposta das autoridades galegas a petición de albergar de xeito digno esta colección. Todo un síntoma de deleixo das autoridades públicas a aquela altura e descoñecemento da relevancia do conxunto de bens que foi aglutinando o finado Benigno Eiriz.

O destino foi unha casa alugada para museo, comprometéndose este concello a conservación do bens. Despois de varios anos sen cumprirse os acordos pactados, chégase a un desencontro, que sitúa a familia nunha situación complexa, pois requíreselle que proceda a retirar antes de final de mes os miles de obxectos depositados en Alija del Infantado, moitos deles de grande tamaño e peso como carros, rodas, arados, xugos, maquinaria histórica....

Segundo sinala a propia Asociación Amigos dos Museos de Galicia tratase da mellor colección temática, ausente nos museos de titularidade pública, pese a súa inmensa significación cultural galega.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ante isto formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que actuacións ten previsto levar adiante a Xunta de Galiza coa finalidade de garantir que a colección Benigno Eiriz retorne a Galiza e sexa musealizada?

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2014

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**

Tereixa Paz Franco

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 21/03/2014 11:42:25

María Tareixa Paz Franco na data 21/03/2014 11:42:31



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e Francisco Xesús Jorquera Caselas, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O sector do biodiésel galego sofre unha grave crise desde o ano 2010 motivada na súa maior parte polas importacións de biodiésel de países como Arxentina que grava a exportación de aceite de soia cunha taxa do 32%, mentres que o biodiésel producido ca mesma materia ten unha tarifa bruta do 20%. O mesmo fai Indonesia, gravando a exportación do aceite de palma cunha taxa do 25% e o biodiésel producido con ese aceite cun importe dun 10%. Ditas diferenzas, xunto coa circunstancia de que son países produtores da materia prima -aceites de soia e palma-, fai que as plantas ubicadas no noso país estean na súa grande maioría paradas ou cunha produción moi por debaixo da súa capacidade pola imposibilidade de competir cos prezos do mercado.

Nesta situación, a compra de Infinita Renovables (Grupo Isolux) por Masol Iberia Biofuels (Grupo Musim Mas) implica que a multinacional de Indonesia atope porta de entrada para o mercado europeo. Masol Iberia Biofuels (Grupo Musim Mas) subrogou ao persoal de Infinita Renovables Ferrol despedindo a 6 traballadores/as que compartiron unha dura travesía no ERTE que durou 3 anos.

No momento en que están resoltas eivas como a asignación de cotas, aranceis europeos ou biodiesel arxentino e indonesio Masol Iberia Biofuels (Grupo Musim Mas) propón recortar a plantilla e que o biodiésel sexa outro sector a esmorecer na comarca de Ferrol.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto e logo de escoitar a preocupación dos traballadores/as da empresa, formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que accións pensa desenvolver para asegurar por parte de Masol Iberia Biofuels (Grupo Musim Mas) o futuro da planta de Ferrol e os postos de traballo?

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2014

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Deputada do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 24/03/2014 12:48:32

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 24/03/2014 12:48:37

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Beatriz Sestayo Doce, Carmen Gallego Calvar, María Carmen Acuña do Campo e María Quintas Álvarez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario Socialista ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno.

A cidade de Ferrol ten experimentado un empobrecemento dramático nos últimos anos. A cifra da EPA amosa que a cidade naval perdeu 5.900 postos de traballo no ano 2013, tendo o triste *record* de paro de Galicia, a pesares das enormes masas emigratorias.

Diferentes asociacións e ONG amosan a imposibilidade dos bancos de alimentos para soste unha poboación que se atopa con perfil de pobreza extrema que non se dan atendido. Entre tanto, o Concello e a Xunta de Galicia seguen a desmantelar inexplicablemente os servizos públicos sociais.

Dende a chegada dos gobernos do PP á cidade téñense desmantelado: a oficina de Inclusión Social, a Oficina Municipal de Dependencia, a Oficina de Inmigración, o equipo de Familia e Menores, un dos centros de protección de menores da Xunta, o equipo de Solidariedade e Voluntariado, etc. A desesperación das familias en desamparo vai en aumento protagonizando escenas propias de tempos xa ben distanciados.

Mais os dramas dunha poboación empobrecida son alleos aos gobernos do PP, preocupados pola foto «estética», o titular fronte á ética, que pola solidariedade e o cumprimento do deber de promover as condicións para que as persoas sexan libres e iguais.

En virtude do exposto as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno.

Vai rectificar o Goberno galego a política de desmantelamento dos servizos públicos sociais en Ferrol?

Pazo do Parlamento, 21 de marzo de 2014

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Beatriz Sestayo Doce na data 24/03/2014 16:32:05

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Carmen Gallego Calvar na data 24/03/2014 16:32:17

María Carmen Acuña do Campo na data 24/03/2014 16:32:27

María Remedios Quintas Álvarez na data 24/03/2014 16:32:40

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Marisol Piñeiro Martínez, Rosa Oubiña Solla, Javier Guerra Fernández, Vidal Martínez-Sierra López, Berta Pérez Hernández, Herminia Pouso Maneiro e Gonzalo Trenor López, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O 12 de febreiro do ano 2013 o Pleno do Parlamento de Galicia aprobaba, a iniciativa do Grupo Popular, un acordo polo que se instaba á Xunta a dirixirse ao Goberno central para que revisase a normativa vixente en materia de asignación de tripulacións mínimas nos busques de pesca.

O mandato respondía a unha reivindicación recorrente do sector pesqueiro que alertaba en que a normativa ata ese momento vixente estaba obsoleta e precisaba dunha modernización é adaptación ás necesidades actuais da flota.

A xordeira institucional cara a este tema mudou co acceso á responsabilidade de goberno do Partido Popular a nivel estatal, en coordinación coa experiencia acumulada na Xunta. As reivindicacións do sector pesqueiro foron escoitadas, ata o punto de que o Consello de Ministros que tivo lugar o 5 de decembro de 2013, aprobaba unha normativa acorde coas necesidades dos profesionais do mar.

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 510
F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Que valoración fai a Consellería do Medio Rural e do Mar sobre a nova normativa reguladora das tripulacións mínimas de seguridade dos buques de pesca?

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2014

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 24/03/2014 17:06:45

María Soledad Piñeiro Martínez na data 24/03/2014 17:07:00

Rosa Oubiña Solla na data 24/03/2014 17:07:10

Javier Jorge Guerra Fernández na data 24/03/2014 17:07:16

Vidal Martínez-Sierra López na data 24/03/2014 17:07:24

Berta Pérez Hernández na data 24/03/2014 17:07:32

Maria Herminia Pouso Maneiro na data 24/03/2014 17:07:39

Gonzalo Trenor Lopez na data 24/03/2014 17:07:49

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento de dita Cámara presenta a seguinte **Pregunta** para resposta oral en **Pleno**.

A Escola Politécnica de Lugo, adicada á rama agraria universitaria, atópase nun momento crítico debido ao importante descenso de alumnos matriculados, derivado posiblemente da falta de oportunidades laborais e de horizontes no rural galego.

Este centro universitario supuxo unha gran inversión pública tanto en edificios, coma a súa dotación coma de inversión en persoal.

Conta cun persoal de ampla experiencia docente e de investigación que se atopa cun horixonte de falta de perspectivas laborais e incertidume.

O rural é un ámbito onde pode haber respostas á crise actual e precisa de coñecemento e talento para crear oportunidades vitais neste ámbito.

Cremos que a EPS de Lugo e os seus profesionais, teñen que xogar un importante papel non futuro do rural galego e nomeadamente no asentamento de iniciativas productivas no agro.

Para elo é necesario analizar a situación actual e plantexar obxetivos e criterios de desenvolvemento de políticas públicas.

Os datos de despoboamento e envellecemento do rural son dramáticos, e revertir esta situación pasa por impulsar a aplicación do coñecemento sobre o potencial do rural galego.

Deixar morrer á Escola Politécnica Superior de Lugo significa alimentar esta tendencia e é por isto que Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte pregunta para resposta oral en pleno:

Ante esta situación, ten plantexado a Xunta de Galicia un plan de viabilidade para a Escola Politécnica Superior de Lugo?

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2014

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 25/03/2014 09:24:59

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Carmen Acuña do Campo, Manuel Vázquez Fernández, Carmen Gallego Calvar e María Quintas Alvarez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A atención sanitaria e social á saúde mental en Galicia está nun proceso de franco deterioro, e os datos dispoñibles sobre a súa situación debuxan unha realidade asistencial na que se salientan feitos inaceptables.

Así comeza a declaración subscrita polo Movemento Galego da Saúde Mental, presentada en Santiago que apoian uns 282 profesionais.

Esta grave denuncia provoca aínda máis preocupación cando debido á situación de crise a OMS, xa no ano 2010, aconsellaba estar alerta na problemática da saúde mental, pois poderían incrementarse as necesidades nestas circunstancias económicas.

Por todo isto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Como valora o Sr. Feijoo a atención sanitaria e social á saúde mental en Galicia?

Pazo do Parlamento, 24 de marzo de 2014

Asdo.: Carmen Acuña do Campo

Manuel Vázquez Fernández

Carmen Gallego Calvar

María Quintas Alvarez

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Carmen Acuña do Campo na data 25/03/2014 11:42:50

Manuel Vázquez Fernández na data 25/03/2014 11:42:59



 [Grupo Parlamentario](#)

María Carmen Gallego Calvar na data 25/03/2014 11:43:05

María Remedios Quintas Álvarez na data 25/03/2014 11:43:07

Partido dos
Socialistas
de Galicia



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo e Cosme Pombo Rodríguez, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A actuación denominada “Proxecto de adecuación da canle e ordenación das marxes dos ríos Sarria e Celeiro no concello de Sarria (1ª Fase)” afecta ao trazado do Camiño Francés. Un itinerario declarado Patrimonio da Humanidade e que ten a categoría de Ben de Interese Cultural. Esta declaración supón que as actuacións que se realicen teñen que someterse a informe da Dirección Xeral de Patrimonio, así como, restricións en relación coas actuacións que poden levarse adiante. Estes feitos están denunciados ante a Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pola Plataforma Sarriana en Defensa do Río, sen que a esta data se teña resolto esta denuncia.

Coa finalidade de coñecer as actuacións que ten realizado a Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Considera a Xunta de Galiza, que o “Proxecto de adecuación da canle e ordenación das marxes dos ríos Sarria e Celeiro no concello de Sarria (1ª Fase)” cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente que protexe o Camiño



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de Santiago?

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2014

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Cosme Pombo Rodríguez

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 25/03/2014 18:20:48

Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 25/03/2014 18:20:53



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Tereixa Paz Franco e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, en relación coas listas de espera para intervención cirúrxica no caso de patoloxías graves nos hospitais do SERGAS, nomeadamente na área sanitaria de Ourense.

Esta iniciativa xorde da gran preocupación que provocou no Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego ao serlle comunicado por parte de varias persoas de diversas situacións en relación co tempo de espera ás que se están vendo sometidas na área de saúde de Ourense e que padecen patoloxías urolóxicas graves.

En concreto estamos ante casos de persoas ás que nalgúns casos vai para medio ano que contan cun diagnóstico firme de padecerem cancro de próstata e ás que se lles prescribiu unha intervención cirúrxica e que a día de hoxe aínda non contan con data para a realización de dita intervención.

Esta situación é así a pesar de que segundo o protocolo, asumido polo SERGAS, establecido pola Sociedade de Uroloxía en todos os casos estes pacientes deben ser incluídos na lista de espera coa cualificación de prioridade 2. O propio SERGAS ten establecido que as persoas que contan con esta



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cualificación deben ser atendidas e realizarse a súa intervención nun prazo máximo de 90 días.

Os últimos datos oficiais en relación cos tempos medios de espera, publicados o 31 de decembro de 2013, sinalan que o tempo medio de espera para cirurxía urolóxica no Complexo Hospitalario de Ourense, é de 52,3 días.

Para o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego hai varias consideracións que debemos facer en relación con esta situación. Ou ben estamos ante unha clara manipulación dos datos da lista de espera estrutural ou ante unha actuación fraudulenta que utilizando diversos medios se demora con premeditación a súa inclusión oficial na lista de espera para que dramática realidade dos pacientes non lle estrague un lucido titular ao Goberno Galego.

Porén o que resulta aínda máis preocupante a situación das persoas que padecen esta situación. Persoas que á angustia propia de teren que enfrontarse á súa enfermidade ven como vai pasando o tempo sen que reciban a atención e o tratamento que lles foi prescrito para o seu diagnóstico. Persoas que viven con preocupación como o paso do tempo pode comprometer o seu prognóstico.

Estamos ante un trato inhumano destas persoas mais tamén ante unha actuación temeraria ante as súas enfermidades e ante unha clara fraude en relación cos compromisos da administración en relación cos tempos de espera. De que valen leis de garantía de tempos máximos de espera si na práctica os recortes en medios persoas e materiais ás que este Goberno somete á sanidade pública impide na práctica o exercicio dese dereito mesmo en caso de



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

enfermidades tan graves que mesmo indican a súa catalogación como de prioridade 2.

Son moitas as deficiencias que os sucesivos recortes teñen provocado na prestación sanitaria que as usuarias da área sanitaria de Ourense veñen padecendo, e por iso o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego considera que a situación á que se refire esta iniciativa parécenos absolutamente intolerábel.

Estas son as razóns polas que formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Ten previsto algunha actuación para mellorar as condicións asistenciais para que en Ourense se poidan atender dentro dos parámetros establecidos a estes pacientes?

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2014

Asdo.: **Tereixa Paz Franco**

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Tareixa Paz Franco na data 25/03/2014 20:11:36

María Montserrat Prado Cores na data 25/03/2014 20:11:42

Á MESA DO PARLAMENTO

Consuelo Martínez García, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**.

O director do centro de Vigo de PSA Peugeot Citroën, Juan Antonio Muñoz Codina, enviou unha mensaxe de urxencia ás empresas galegas do automóbil: aproveitar a proximidade de Portugal para reducir custes e instou ás administracións públicas a articular melloras en materia fiscal, de infraestruturas, política enerxética e loxística, entre outras.

O director de PSA-Vigo explicou que o custe da man de obra en Galicia é hoxe de entre 15 e 22 euros por hora, fronte aos 28-35 euros de Francia ou Alemaña, os 9-11 euros dos países de Europa do Este e Portugal e os 5 euros de Marruecos e outros países africanos.

Muñoz Codina recoñeceu que os menores custes da industria galega teñen beneficiado á planta viguesa fronte aos seus rivais do norte de Europa nos últimos anos, pero ese diferencial pasa a ser negativo si se compara cos países low-cost, onde fabricar un coche é entre 150 e 300 euros máis barato por unidade que en Vigo. "Somos los más baratos entre los caros, pero los caros entre los baratos", declarou.

Para o director da fábrica de Balaídos dispor dun país low-cost a 30 quilómetros debe ser unha vantaxe competitiva que débese aproveitar. Fabricantes de compoñentes implantados en Galicia como Copo, BorgWarner, Cablerías Auto, Antolín, Gestamp, Valver o TRW (antigua Daphimetal) xa teñen plantas en solo luso.

Un recente informe, elaborado por Axexor, revela que as administracións públicas concederon 8.023,4 millóns de euros en subvencións durante o ano 2012. Desta cantidade, as empresas, recibiron 3.041 millóns. O resto das axudas públicas, 4.982 millóns, foi parar a autónomos, cooperativas, fundacións, partidos políticos e sindicatos... entre outros, segundo os datos recopilados por Axesor dos Boletíns Oficiais do Estado e das comunidades autónomas.

Axexor, ten divulgado recentemente unha lista coas empresas que reciben máis subvencións en España, onde destacan as firmas relacionadas coa automoción e as do sector da mineiría.

Segundo este informe, Peugeot Citröen Automóviles España foi, no ano 2012, a empresa que recibiu máis axudas públicas no estado, concretamente, Citröen percibiu 5 subvencións por un importe total de 66,7 millóns de euros.

Pero estas axudas non foron as primeiras nin as últimas que recibe o sector da automoción e, en concreto, Peugeot Citröen. En correspondencia, Citröen anima ao sector da automoción a destruír emprego en Galiza, instalándose en Portugal ou mercando o seu material no país veciño.

Ante esta falla de ética empresarial e de compromiso coa sociedade e os traballadores galegos, ante a evidente deslealdade de Citröen e as empresas de automoción co pobo galego, AGE pregunta formula a seguinte pregunta ao goberno

Que resposta vai dar o goberno galego, en representación do pobo galego, ás empresas da automoción e nomeadamente Citröen en relación á súa falla de compromiso co tecido industrial galego, cos traballadores e traballadoras galegas e coa sociedade que leva anos, décadas apoiando económica e loxísticamente o sector?

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2014.

Asdo.: Consuelo Martínez García

Deputada do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

María Consuelo Martínez García na data 26/03/2014 10:31:06

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Yolanda Díaz Pérez, Eva Solla Fernández e María Consuelo Martínez García, deputadas integrantes do **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda,** ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral no Pleno,** relativa á unha modificación de crédito que detrae 161.599,32 euros cuxa aplicación os afectaba ao desenvolvemento da lei para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

O goberno galego achega unha modificación de crédito que amplía o crédito para atender as axudas periódicas a mulleres que sofren violencia de xénero por importe de 161.599,32 euros. Esta ampliación dá razón das críticas verquidas por Alternativa Galega da Esquerda na elaboración dos orzamentos onde se facía constar a insuficiencia dos recursos adicados á secretaría xeral de Igualdade.

A partida que sofre a modificación de crédito é a que ten que desenvolver a lei integral contra a violencia de xénero. Aténdese unha necesidade pero desatendendo outra. Ben está que se amplíe o crédito para soste as axudas a mulleres vítimas de violencia de xénero, pero a fórmula non é minguar unha partida para desenvolver unha lei que ten que abordar unha sistemática de violencia que se cobrou a vida no último decenio de 700 mulleres.

Atopámonos diante dun pésimo exercicio de aritmética orzamentaria. Iso si, a Xunta non ten problema algún en achegar outra modificación de crédito que consume 192 millóns de euros para pagamento anticipado de débeda. Todo unha declaración política das intencións deste goberno, dun goberno que serve aos intereses de rendistas e banqueiros, que recorta e minusvalora as políticas públicas que loitan para conquistar a Igualdade e para enfrontar a lacra criminal da violencia machista.

En atención ao sinalado, o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda achega a seguinte pregunta para a súa resposta oral no Pleno:

- Dada a persistencia da violencia machista na nosa sociedade, como pode xustificar o goberno galego detraer unha partida de 161.599,32 euros prevista para desenvolver a lei que ten que previr e combater esa sistemática de violencia contra as mulleres?

Compostela, 26 de marzo do 2014.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Eva Solla Fernández

Asdo. María Consuelo Martínez García

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 26/03/2014 14:12:55

Yolanda Díaz Pérez na data 26/03/2014 14:13:03

María Consuelo Martínez García na data 26/03/2014 14:13:08

Á MESA DO PARLAMENTO

Consuelo Martínez García, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**.

FNAC espera perdas no sector de grandes almacéns e pretende modificar as condicións laborais do seu cadro de persoal, integrado por uns 2.000 traballadores en España, entre elas financiar únicamente el 50% del seguro médico.

En FNAC da Coruña os seus traballadores e traballadoras comezaron o sábado, 22 de marzo, unha serie de mobilizacións en protesta polo despedimento dunha compañeira, que cubría unha excedencia doutra traballadora, e polas precarias condicións laborais, con redución de salario e aumento de xornada no último ano. Farán folga todos os sábados e o conflito pode estenderse polas tendas de toda España, xusto cando está a piques de renegociarse o acordo laboral ao que se chegara hai xusto un ano.

Nun comunicado difundido hai uns días as e os traballadores da FNAC da Coruña din está "fartos de ver como os beneficios da súa empresa crecen cada ano, mentres aumenta a precariedade laboral e minguan os salarios". Afirman que son tratados "como artigos de usar e tirar, como lixo" e din "estar fartos" de que "o traballador a tempo completo" sexa "unha especie en extinción" e con soldos que non superan os 900 euros; a meirande parte do cadro de persoal está contratado a media xornada, con salarios por debaixo do limiar da pobreza", cunha flexibilidade horaria que lles dificultan moito o poder compatibilizalo con algún outro emprego estable ou co dereito a conciliar a vida laboral e familiar.

Neste comunicado tamén sinalan que a empresa "espreme a reforma laboral ao límite mentres ingresa millóns". O certo é que nos últimos anos as tendas da FNAC da Península Ibérica reduciron o seu nivel de ingresos, por mor da crise, e en 2013 ingresaron 654,4 millóns de euros, un 4,2% menos que no 2012. Porén, os directivos da empresa anunciaron recentemente que esta tendencia negativa xa se invertera no último trimestre do 2013. De feito, o grupo francés obtivo en todo o mundo 15 millóns de euros de beneficio, fronte aos 142 millóns de euros de perdas do ano anterior. Ademais, recentemente, o director de FNAC España, Marcos Ruão, anunciou que o grupo

continuaría coa súa expansión coa apertura dun novo formato de tendas máis pequenas.

Os e as traballadoras denuncian que a dirección de FNAC "veu utilizando os sucesivos Convenios Colectivos de Grandes Almacenes para ir empobrecéndonos paso a paso". Primeiro, os soldos foron conxelados, despois os salarios foron recortados, e as xornadas laborais eleváronse até en 28 horas semanais, cobrando o mesmo. Tamén se eliminaron outros complementos, coma o pago extraordinario por domingos e festivos, e suprimíuse a cobertura dos tres primeiros días de baixa. Ademais, sinalan, "o actual cadro de persoal recortado ao límite soporta unha carga de traballo que atenta a diario contra a saúde" e "foméntase unha política constante e aterradora de presións para que os clientes se fagan socios e contraten seguros". Os e as traballadoras denuncian finalmente que estes acordos foron negociados entre a patronal do sector e dous sindicatos "dos cales un non existe na nosa empresa e o outro é minoritario".

A primeira xornada da folga intermitente convocada polos traballadores e traballadoras da FNAC na Coruña saldouse cun completo éxito. Dos 50 empregados cos que conta a tenda, só acudiron ao seu posto dous directivos, dous traballadores eventuais e un único traballador contratado de forma estable.

A folga repetirase o vindeiro sábado 29 e continuará así, todos os sábados, de forma indefinida.

Por desgraza, FNAC non é a única empresa que aproveita a crise para instaurar a represión, a negación de dereitos e a miseria entre os seus traballadores e traballadoras: os beneficios empresariais crecen cada ano, mentres aumenta a precariedade laboral e minguan os salarios, o traballado a tempo completo está en extinción e os soldos non superan os 900 euros a xornada completa, cunha flexibilidade horaria absolutamente incompatible coa "conciliación familiar".

Por todo o exposto, a deputada que subscrebe formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno

Que medidas adoptará a Xunta de Galicia para evitar o empobrecemento da clase traballadora galega por mor da avaricia da patronal, que a pesar dos recortes salariais, dos despedimentos baratos, da flexibilidade horaria, a pesar de estar a obter beneficios, seguen a sobreexplotar aos seus traballadores e traballadoras?

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2014.

Asdo.: Consuelo Martínez García
Deputada do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

María Consuelo Martínez García na data 26/03/2014 20:01:24

Á Mesa do Parlamento

José Luis Méndez Romeu, Juan Carlos González Santín e José Antonio Sánchez Bugallo, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O pasado día 26 de marzo, o presidente Núñez Feijóo, en resposta a unha pregunta do voceiro socialista, afirmou que Galicia lideraba a Unión Europea en políticas de innovación. É unha declaración rotunda, sen matices, que demanda algunha explicación complementaria para unha correcta interpretación do que esa nova representa na economía de Galicia. Tanto máis necesaria por canto os datos estatísticos non ratifican, ata hoxe, ese excelso obxectivo. Pode acontecer, como noutras ocasións, que o Sr. presidente confunda realidade e desexo, tamén que o formato do discurso derive nunha hipérbole. O que resulta difícil imaxinar é que o presidente teña faltado á verdade.

Os datos coñecidos indican que a Xunta de Galicia recorta en cada orzamento as partidas dedicadas a I+D, que a Axencia Galega de Innovación non tivo efecto apreciable no sistema de ciencia, que o número de traballadores en alta tecnoloxía decrece. No futuro, co novo marco financeiro europeo, existirán máis fondos comunitarios para I+D, pero no momento actual Galicia ocupa unha posición pouco relevante, en España e consecuentemente na Unión Europea.

Polo exposto os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

Cómo explica a Xunta o liderado da innovación en Europa cando os recursos dispoñibles son menores cada ano?

Pazo do Parlamento, 25 de marzo de 2014

Asinado dixitalmente por:



 [Grupo Parlamentario](#)

José Luís Méndez Romeu na data 26/03/2014 20:28:36

Juán Carlos González Santín na data 26/03/2014 20:28:44

José Antonio Sánchez Bugallo na data 26/03/2014 20:28:51

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Xosé Manuel Beiras Torrado, Yolanda Díaz Pérez e Antón Sanchez García, integrantes do **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda**, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral no Pleno**, relativa á ampliación de crédito para amortizar anticipadamente débeda pública por importe de 192 millóns de euros.

A vontade social que preside todas e cada unha das actuacións do benemérito goberno Feijóo achega nas modificacións de crédito de decembro do 2013 unha nova mostra desa orientación, pola vía de ampliar o crédito orzamentario pola cantidade de 192 millóns de euros.

Esta importante cantidade non se vai desbaldar na rectificación do incremento do pagamento dos comedores escolares para os pais e nais usuarios deste servizo complementario, ou para desenvolver un programa extraordinario dos devanditos comedores escolares en períodos vacacionais, ou para incorporar un programa de merendas de media mañán e media tarde nos centros escolares públicos. Non vai ser neses programas ineficientes onde enterrar por anticipado 192 millóns de euros, máis de 30.000 millóns das antigas pesetas.

Esa cantidade vaise empregar en aboar por anticipado 192 millóns de euros de débeda pública. Medida que satisface a ese novo suxeito soberano que son os mercados capitalistas e os seus profetas, os bancos.

Operación que non se previu malia a omnisciente sapiencia que preside o orzamento presentado e aprobado polos votos do PP. Operación sobrevida por importe de 192 millóns de euros. Operación que se vai imputar aos maiores recursos xerados no capítulo IX de ingresos.

En atención ao sinalado, o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral no Pleno:

- Non atopa o goberno galego outro uso máis eficiente en termos sociais e mesmo económicos que esta amortización anticipada de débeda, que consume 192 millóns de euros?

Compostela, 27 de marzo do 2014.

Asdo. Xosé Manuel Beiras Torrado

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Antón Sánchez García

Asinado dixitalmente por:

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 27/03/2014 11:38:41

Yolanda Díaz Pérez na data 27/03/2014 11:38:48

Antón Sánchez García na data 27/03/2014 11:38:53

Á Mesa do Parlamento

María Julia Rodríguez Barreira e Angel Camino Copa, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Concello de Monforte de Lemos vén padecendo desde hai anos moitas deficiencias no sistema de saneamento e depuración que impiden na actualidade pechar un correcto tratamento do ciclo da auga.

Despois de afrontar, coa decisiva implicación das administracións do Estado e Autonómica, unha posta ao día das súas infraestruturas para o abastecemento cun conxunto de actuacións orzamentadas en máis de 7 millóns de euros, a mellora nas infraestruturas e na xestión da rede de saneamento e depuración continúa a ser unha materia pendente, unha cuestión que condiciona a calidade ambiental do río Cabe e do conxunto da poboación.

Un estudo previo realizado por Augas de Galicia en 2008 identificou as principais carencias do sistema de saneamento e depuración de Monforte. Entre outras cuestións, o estudo constata a importante achega de augas de chuva ou infiltradas á rede de saneamento, o que provoca que a carga contaminante que chega á estación depuradora de augas residuais (EDAR) sexa moito máis baixa que a de deseño. Por esta razón détectanse alivios contaminantes de importancia na rede de saneamento.

No mesmo estudo sinálanse problemas na propia EDAR, unha infraestrutura que segundo o parecer dos técnicos está próxima ao fin da súa vida útil e na que se constatan múltiples deficiencias como a ausencia dun sistema de desengraxado, o mal

funcionamento da decantación secundaria, a falta de eliminación de nutrientes (nitróxeno e fósforo), o deterioro de equipos e a nula automatización da planta.

Por outra parte, a EDAR industrial que existe no polígono de Monforte tamén presenta problemas pola súa antigüidade e por insuficiencias no proceso para a carga que debe tratar.

Este estudo afondouse no ano 2013 cun novo documento traballado sobre o terreo que detalla a planificación dun conxunto de actuacións que se consideran necesarias para a mellora do sistema de saneamento e depuración, incidindo na redución das infiltracións e das melloras na estación depuradora.

Aínda que o saneamento e a depuración son servizos básicos que se encadran na conxunto das competencias que os concellos teñen atribuídas na lexislación, a Xunta de Galicia vén desenvolvendo unha liña de actuacións de apoio e colaboración coas entidades locais nesta materia, a través da cal poderían desenvolverse estas actuacións, que ao longo dos últimos anos o Concello non foi quen de afrontar cos seus propios medios.

Á vista desta situación, o Grupo Parlamentario Popular formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia das medidas necesarias para a mellora no sistema de saneamento e depuración de Monforte de Lemos?

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2014

Asinado dixitalmente por:

María Julia Rodríguez Barreira na data 27/03/2014 12:30:26

Angel Camino Copa na data 27/03/2014 12:30:49

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Yolanda Díaz Pérez e Eva Solla Fernández, integrantes do **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda**, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral no Pleno**, relativa as áreas de xestión.

A Xunta de Galicia segue a gobernar conforme a fórmula enunciada por Brecht, a saber, en caso de diferenzas entre o goberno e o seu pobo, que dimita o pobo. Esta fórmula cúmprese coa publicación no DOG do luns, 24 de marzo, do decreto de xestión clínica, que convitan o rexeitamento dos sindicatos, que representan aos traballadores e traballadoras da sanidade pública, dos profesionais e mesmo da cidadanía en xeral. Que mudou no proceso de constitución das áreas de xestión clínica para que se aprobe malia o rexeitamento xeral que provoca.

Queremos lembrar as elocuentes consideracións evacuadas polo Consello Consultivo respecto do procedemento de elaboración das normas tanto no formal canto no material ou substantivo, o cal constitúese como garantía de legalidade, acerto e oportunidade das decisión que se adopten. Ben, o Consello sentenza: “O expediente remitido amosa a súa falta de adecuación ás esixencias de procedemento...” ao saltarse o trámite de audiencia aos colexios profesionais, outrosí da premura adoptada para recoller as alegacións. Circunstancia concomitante co dilatado período temporal transcorrido entre a consulta aos colexios profesionais e a fase na que se última o proxecto, ano e medio, no que hai modificacións legais relevantes para este tema.

Ausencia de consulta as entidades sociais que representan aos doentes.

Respecto dos contidos, a observación cuarta sinala “un certo grao de indefinición do sistema e de falla de claridade nalgunha das súas previsións...”. Logo vai desgranando varias consideracións críticas respecto da falla de regulamentación sobre o respecto os dereitos das persoas con doencias; sobre a falla de avaliación para autorizar as devanditas áreas; relativas á falla de especificidade dos comités directivos; e sobre a escuridade dos mecanismos de incentivación.

A conclusión é clara: “ Que o proxecto de decreto polo que se regulan as áreas de xestión clínica do Servizo Galego de Saúde resulta contrario ao ordenamento xurídico”.

Tamén no noso país as tentativas de privatización topan cos mecanismos da lei e co rexeitamento da cidadanía.

En conclusión, o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral no Pleno:

- Atendendo ao seu carácter contrario ao ordenamento xurídico non vai retirar o goberno galego o decreto de áreas de xestión clínica?

Compostela, 27 de marzo do 2014.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Eva Solla Fernández

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 27/03/2014 14:21:36

Yolanda Díaz Pérez na data 27/03/2014 14:21:39

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Pablo García García, Raúl Fernández Fernández, José Ramón Val Alonso, Manuel Vázquez Fernández, Carmen Acuña do Campo, María Quintas Alvarez, Abel Losada Alvarez, José Manuel Gallego Lomba, Patricia Vilán Lorenzo e Carmen Gallego Calvar, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

No informe da Comisión de Expertos para a Reforma do Sistema Tributario Español feito para o Ministerio de Facenda, entre outras recóllese a posibilidade de considerar establecer un “imposto a tipo moi reducido para o viño”.

Inclúe o viño no apartado de propostas sobre a imposición dos alcohois e estima a necesidade de proceder a un incremento progresivo dos impostos sobre o alcohol, de cara acercarse á media comunitaria.

Dito informe non respecta a categoría diferencial do viño dentro das bebidas alcohólicas , o estar considerado como alimento na lexislación española. A pesares de que xa soporta o tipo máximo de IVA do 21 %.

O nivel de consumo de viño en España está dentro dos máis baixos dos países do noso entorno, e un novo imposto sobre este produto encarecería o prezo de adquisición ó consumidor o que sen dúbida iría en detrimento da recuperación do consumo interno.

E no que respecta ás exportacións, unha diminución de estas só beneficiaría aos países directamente competidores.

O sector do viño é un dos principais xeradores de economía e emprego en moitas zoas rurais galegas, cunha viticultura baseada no modelo de existencia de viticultores, con denominacións de orixe pequenas, que se cabe serían aínda máis prexudicadas.

 Grupo Parlamentario

Ante isto, os deputados e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Que valoración fai o Goberno galego desta proposta?

Pazo do Parlamento, 26 de marzo de 2014

Asdo.: Pablo García García
Raúl Fernández Fernández
José Ramón Val Alonso
Manuel Vázquez Fernández
Carmen Acuña do Campo
María Quintas Alvarez
Abel Losada Alvarez
José Manuel Gallego Lomba
Patricia Vilán Lorenzo
Carmen Gallego Calvar
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pablo García García na data 27/03/2014 16:28:10

Raúl Fernández Fernández na data 27/03/2014 16:28:18

José Ramón Val Alonso na data 27/03/2014 16:28:23

Manuel Vázquez Fernández na data 27/03/2014 16:28:28

María Carmen Acuña do Campo na data 27/03/2014 16:28:35

María Remedios Quintas Álvarez na data 27/03/2014 16:28:42

Abel Fermín Losada Álvarez na data 27/03/2014 16:28:47

José Manuel Gallego Lomba na data 27/03/2014 16:28:52

Patricia Vilán Lorenzo na data 27/03/2014 16:28:56



Grupo Parlamentario

Maria Carmen Gallego Calvar na data 27/03/2014 16:29:01

Partido dos
Socialistas
de Galicia



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Rodas Chapela e Francisco Xesús Jorquera Caselas, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A comarca de Ferrol sofre dende o ano 1984 un desmantelamento progresivo que se ceba de forma máis dura co sector naval, un sector estratéxico para o desenvolvemento de Galiza, pero fundamental para a desenvolvemento industrial de Ferrolterra, pois é un dos seus motores económicos e de emprego.

Esta situación cada vez empeora máis, e os verdadeiros problemas dos cidadáns, falla de carga de traballo, despedimentos e paro seguen sen resolverse abocando a comarca a unha situación de éxodo. Nestes últimos anos, a perda de actividade reflíctese en que, si no ano 2008 había uns 10.000 postos de traballo vinculados a este sector, hoxe na comarca hai, nada máis e nada menos, 19.600 parados.

Diante desta situación de emerxencia, o presidente de Galiza leva prometendo en precampaña electoral a necesidade de construír o dique flotante nos asteiros de Navantia, na ría de Ferrol, que sería a táboa de salvación contra a crise do sector.

O presidente Feijóo tamén prometera o coñecido como “contrato con Ferrol” que anunciaba en abril de 2009 a construción dun Centro de Reparacións Navais. A día de hoxe nin dique flotante, nin contrato con Ferrol, as palabras de Feijóo pasan unicamente por botarlle as culpas á dirección de Navantia. Ao seu xuízo esta



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

situación derivase da “nula e nefasta política comercial de Navantia” e da “falta de iniciativa da Sociedade Española de Participacións Industriais (SEPI)”. Esquecéndose que este é un equipo directivo escollido e nomeado polo actual goberno de Madrid (PP), polo que poderíamos resumir os seus compromisos de promesas incumpridas.

A esta falta de compromiso súmase a ausencia de apoio a diversas iniciativas que se teñen desenvolvido en diferentes estamentos coa finalidade de comprometerlo na solución do problema. Así, o BNG levou ao Congreso dos deputados unha proposición non de lei reclamándolle ao Goberno español a inclusión dunha partida coa que construír o dique flotante. E no Parlamento galego realizáronse iniciativas semellantes instando ao presidente da Xunta a comprometer, como reto de país, a construción do dique flotante e asumir persoalmente as negociacións co Goberno do Estado para a construción deste dique flotante,

Compromisos que non se concretan, e actuacións que adormecen co paso do tempo. O BNG quere volver incidir en cal é a situación actual das xestións levadas a cabo polo Goberno galego, pero tamén polo Executivo español de cara a despegar calquera dubida ou obxección que puidera vir de Bruxelas para impedir a construción do dique flotante de Ferrol, infraestrutura clave para iniciar a actividade de reparación de todo tipo de buques, incluíndo os de gran tonelaxe.

Esta é unha reclamación demandada dende as instancias sindicais, económicas, sociais e polo conxunto da sociedade de Ferrolterra, que reclama unha maior implicación do Goberno galego, pois ata a data a súa aptitude foi pouco activa, de escaso compromiso e de abandonando unha vez pasados os focos mediáticos.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estas son as razóns que nos levan a formular a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que iniciativas ten levado a cabo o Goberno galego para conseguir a autorización e o compromiso de construír o dique flotante en Ferrol?

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2014

Asdo.: **Daniel Rodas Chapela**

Deputado do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Rodas Chapela na data 27/03/2014 17:28:23

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 27/03/2014 17:28:29



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727